

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP PLURILINGÜE
RICARDO TOBÍO



50 ANOS

CURSO 2023 - 2024

APROBADA POLO CONSELLO ESCOLAR O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2023

Contextualización.

O presente documento pretende ser unha guía do que será o proceso de ensino-aprendizaxe no CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío. O mesmo é froito dunha profunda reflexión sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

No presente curso académico estará vixente en todos os cursos a nova lei educativa *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación* (LOMLOE).

Son moitos os cambios derivados desta nova lei que entra en vigor, da súa man, o claustro de profesores e o equipo directivo, traballaremos para impartir unha educación de calidade, garantindo a igualdade efectiva entre o alumnado, proporcionándolle en todo momento unha formación integral. Fortalecendo os aspectos positivos e as liñas de traballo que xa se estaban a levar a cabo e propoñendo novos retos educativos que se adapten ás necesidades do alumnado e ao contexto social no que se atopan inmersos. Traballando pola igualdade, a prevención da violencia de xénero, a convivencia, a non discriminación e apostando por metodoloxías activas e participativas e pola innovación metodolóxica.

O noso CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío é un centro de titularidade pública situado no lugar de Esteiro no concello de Muros. Acolle ao alumnado procedente das parroquias de Tal, Torea, Abelleira e Esteiro, desde 4º de educación infantil ata 6º curso de educación primaria. Sendo polo tanto de liña, 1 con 9 aulas, (as 3 aulas multigrado da etapa de Ed. Infantil contan con nenos e nenas de 3, 4 e 5 anos).

Dende o curso académico 2012-2013 forma parte da rede de centros plurilingües da Consellería. Tamén estivo inmerso, nos últimos cursos, en diferentes programas como o PLAMBE (Plan que impulsa a transformación das bibliotecas escolares en centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe), *Radio na Biblio* (utilización da radio como ferramenta pedagóxica), *XOGADE* (xogos galegos deportivos en idade escolar), *Contratos Programa* e *Plans de formación permanente do profesorado* (o último deles sobre E-dixgal). Como se pode ver no presente documento, continuaremos traballando nesta liña.

Para finalizar, dicir que o noso CEIP é un centro educativo vivo, cunha matrícula anual en aumento e que se atopa en continua actualización. O presente curso 2023-2024, somos centro E-Dixgal, en 3º ciclo de Educación Primaria.

1. Plan Anual

1.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

1. Promover o arranxo e mellora das infraestruturas do Centro.
2. Conseguir un mellor aproveitamento dos espazos dispoñibles do colexio.
3. Garantir que o centro sexa un entorno axeitado para vivir en democracia. Favorecendo a formación do alumnado en valores que lles permitan desenvolverse na sociedade e mantendo un bo clima de convivencia no centro (Plan de Convivencia).
4. Velar pola boa organización e funcionamento do Centro, utilizando os recursos materiais, humanos organizativos e económicos dispoñibles.
5. Promover unha boa coordinación pedagóxica entre o profesorado.
6. Favorecer a integración do alumnado de nova incorporación.
7. Atender á diversidade do alumnado tratando de desenvolver ao máximo cada unha das súas potencialidades e capacidades, favorecendo a igualdade e a inclusión, entendendo as diferenzas como un elemento enriquecedor para a sociedade.
8. Poñer en marcha plans de acción que brinden una ampla capacitación do alumnado en todas as súa vertentes:
 - a. Participar no Plan Proxecta+: *“Proxectos de vida activa e deportiva”*
 - b. Desenvolver os Contratos Programa.
 - c. Continuar co Proxecto de Plurilingüismo.
 - d. Participar en XOGADE.

- e. Empregar a radio escolar, a aula de nova creación dixital e de gravación e edición de vídeo como recurso de aprendizaxe activo.
 - f. Organizar, fomentar e levar a cabo distintas actividades complementarias e extraescolares ao longo do curso.
 - g. Outras.
9. Potenciar o uso por parte do alumnado da biblioteca escolar e organizar a xestión da mesma, dentro do Plan de Mellora (PLAMBE) do que formamos parte.
 10. Fortalecer o emprego e coñecemento da lingua galega así como potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, lingua, folclore,...no ensino a través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
 11. Promover o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe a través do Plan dixital de Centro e do Proxecto E-Dixgal.
 12. Favorecer o desenvolvemento dos diferentes plans e proxectos do centro (Plan de Convivencia, Plan de acción tutorial,...).
 13. Participar en Plans de Formación Permanente do Profesorado de dixitalización do centro.
 14. Manter, promover e fortalecer as relacións de colaboración e coordinación coas familias e a ANPA, así como organizacións, asociacións, outros centros educativos e co concello.
 15. Empregar instrumentos eficaces (páxina web, AbalarMobil,...) para a difusión e comunicación externa e interna das actividades que se desenvolven no centro.
 16. Garantir a protección de datos de carácter persoal do alumnado.
 17. Manter en funcionamento e actualizada a aula virtual do centro para que no caso de ser preciso o alumnado poida continuar co ensino a distancia.
 18. Dar resposta a todas aquelas demandas da comunidade educativa en pro de acadar un ensino de calidade.

1.2. **MEDIDAS.**

1. Comunicación periódica co Concello de Muros para dar resposta ás necesidades de mantemento do colexio así como atender ás propostas de actividades que se presentan para a formación do alumnado.
2. Contacto coa Xefatura Territorial e coa Unidade Técnica, en relación ás carencias e necesidades que xurdan respecto ás infraestruturas e equipamento tecnolóxico do centro.
3. Relación coa Inspección Educativa, para acadar a máxima eficacia ante calquera necesidade que poida xurdir.
4. Promover a reorganización e acondicionamento de determinadas zonas e crear novos espazos que dean cabida ás inxerencias e necesidades de todo o alumnado.
5. Traballar en colaboración, todo o equipo docente, para fomentar no alumnado valores que lles permitan desenvolverse na sociedade. Continuando a formación do alumnado na mediación escolar e, polo tanto, na resolución pacífica dos conflitos que poidan xurdir.
6. Utilizar todos recursos materiais, humanos organizativos e económicos dispoñibles para acadar os obxectivos previamente establecidos.
7. Organización do profesorado segundo os diferentes órganos de coordinación e establecemento do calendario de reunións anual que permitirá que o persoal docente se poida coordinar de xeito periódico e eficaz.
8. En colaboración co Departamento de Orientación, poñeranse a disposición todos os recursos necesarios para favorecer a integración do alumnado de nova incorporación.
9. Atender á diversidade do alumnado establecendo horarios de atención específicos por parte do profesorado especialista en atención á diversidade e, de ser preciso, do resto de docentes que teñan dispoñibilidade horaria para apoiar ao alumnado.
10. Participación en contratos programa da Consellería de educación que sexan de interese para os obxectivos establecidos.
11. Dar continuidade ao *“Proxecto de Vida activa e deportiva de centro”*.
12. Participación do alumnado no programa XOGADE.

13. Continuar co plurilingüismo no centro, contando coa auxiliar de conversa asignada que estará 16 horas nas áreas de música e lingua estranxeira- inglés.
14. Promover unha oferta de actividades complementarias de calidade e elaborar unha previsión de todas as actividades complementarias que se van levar a cabo ao longo do curso para favorecer a formación integral do alumnado (en colaboración co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares).
15. Posibilitar que se continúen ofertando actividades extraescolares no centro a través da ANPA.
16. Dinamizar a biblioteca escolar e a radio a través de diferentes propostas enriquecedoras para os discentes.
17. Dinamizar a lingua e cultura galegas, levando a cabo diferentes actividades ao longo do curso que sexan motivadoras para o alumnado implicado.
18. Empregar, como un recurso importante, as tecnoloxías da información e comunicación na aula para formar alumnos/as competentes dixitalmente.
19. Poñer en marcha plans de acción que permitan desenvolver os diferentes plans e proxectos do centro (Plan de Convivencia, Plan de acción tutorial,...).
20. Participación do profesorado en Plans de Formación Permanente de dixitalización do centro.
21. Dinamizar os equipos docentes, poñendo en valor as súas funcións.
22. Manter unha comunicación fluída coas familias e os seus representantes da ANPA a través das reunións iniciais e titorías así como empregando os métodos de comunicación establecidos.

1.3. **RECURSOS**

1. A normativa vixente en canto a organización e funcionamento dos centros educativos na nosa comunidade.
2. Os Proxectos Curriculares de Infantil e Primaria adaptados á nova lexislación.
3. Os distintos recursos materiais obtidos dos diferentes organismos públicos, Consellería e Concello.

4. As asignacións orzamentarias procedentes da Consellería de Educación.
5. As diferentes aplicacións informáticas destinadas á mellora no proceso de información e documentación escolar, así como as pedagóxicas e educativas para traballar co alumnado.

1.4. **CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO**

A concreción farase a través das programacións didácticas dos diferentes cursos e que están no centro a disposición de toda a comunidade educativa.

2. Estructura orgánica do Centro

2.1. **ÓRGANOS DE GOBERNO**

Dirección: Silvia Vázquez de la Iglesia

Xefatura de Estudos: María do Carme Hermo Gómez

Secretaría: José Romero González

2.2. **ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN DO CENTRO**

2.2.1. CLAUSTRO

Formado por todo o profesorado do Centro.

2.2.2. CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar está formado por:

- Presidente: Silvia Vázquez de la Iglesia
- Secretario: José Romero González
- Xefa de Estudos: María do Carme Hermo Gómez
- Profesorado:
 - Ana Celia López de Prado y López
 - Carolina Mourellos Vidal

- Consuelo María Priegue García
- Eva Manuela Santiago Hermida
- M^a Dolores Vigo Fernández

- Pais/Nais:
 - Emma Rosalía Lestón Caamaño
 - Fabián Lestón Caamaño
 - Xoán Monasterio Suárez
 - Cristina Rama Molinos
 - Alfonso Molares Rodríguez

- Persoal de servizos:
 - José Ramón Romero Echeverri

- Representante do Concello:
 - Laura Eiras Rivadeneira

- **Comisión Económica:**
 - Silvia Vázquez de la Iglesia
 - José Romero González
 - Ana Celia López de Prado y López

- **Comisión de Convivencia:**
 - Silvia Vázquez de la Iglesia
 - María do Carme Hermo Gómez
 - Carolina Mourellos Vidal
 - Emma Rosalía Lestón Caamaño
 - Cristina Rama Molinos
 - José Ramón Romero Echeverri

- **Persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres:**
 - María do Carme Hermo Gómez

- **Comisión de autoprotección:**
 - Silvia Vázquez de la Iglesia
 - María do Carme Hermo Gómez
 - Eva Manuela Santiago Hermida
 - Laura Eiras Rivadeneira

- **Comisión de Biblioteca:**
 - Carolina Mourelos Vidal
 - Raquel Viña Molinos
 - Consuelo María Priegue García
 - Fabián Lestón Caamaño
 - Alfonso Rodríguez Molares

- **Persoa coordinadora do benestar nos centros públicos:**
 - Carolina Mourelos Vidal

2.3. **PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO**

2.3.1. **ÓRGANOS COLEXIADOS.**

Os órganos de goberno e os órganos de participación no control e xestión do centro realizarán as reunións pertinentes para o cumprimento das súas funcións e desenvolvemento o seu traballo.

O calendario de reunións será polo menos de tres por curso, facendo coincidir a primeira co inicio do curso e a última co remate do mesmo. Tanto o Consello Escolar como o Claustro de profesores reuniranse tantas veces como se estime oportunas.

O horario dos claustros será, preferentemente, ás 16:00 horas dos luns.

Os Consellos Escolares celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia de todos ou unha maioría dos seus membros, sendo como norma xeral, os luns.

2.3.2. EQUIPO DIRECTIVO.

O equipo directivo pretende ser:


- Dialogante e democrático: escoitando e permitindo a participación de todos os os sectores da comunidade educativa na vida do centro.
- Emprendedor: motivando aos docentes e aos outros membros da comunidade educativa para poder levar a cabo proxectos de interese común.
- Innovador e realista: fortalecendo os aspectos positivos e as liñas de traballo xa implantadas, sendo quen de avaliar as necesidades que xorden e, en base ás mesmas, propoñer novos retos educativos realistas.
- Respectuoso coas diferenzas e inclusivo: garantindo un tratamento educativo equitativo baseado polo tanto, na non discriminación. Entendendo a diversidade como unha riqueza para toda comunidade educativa.

2.4. ESTADÍSTICA DE PRINCIPIO DE CURSO

Alumnado matriculado

Actualmente están matriculados un total de 140 alumnos/as.

GRÁFICA EVOLUTIVA DOS ÚLTIMOS 6 ANOS



Adscrición do profesorado

Profesorado en situación definitiva	
✓ Educación infantil	3 a tempo completo
✓ Educación primaria	6 a tempo completo
✓ Especialista en lingua inglesa	1 a tempo completo
✓ Especialista en educación musical	1 a tempo completo
✓ Especialista en educación física	1 a tempo completo
✓ Especialista en pedagogía terapéutica	1 a tempo completo
✓ Orientadora	1 compartida -itinerante
Profesorado en situación de provisionalidade	
✓ Especialista en audición e linguaxe	1 compartida - itinerante
Persoal laboral indefinido	
✓ Relixión	1 compartida - itinerante

Como se pode observar, a maioría do profesorado é definitivo no centro o que garante unha continuidade no proceso de ensinanza, nas liñas metodolóxicas comúns e nos programas, plans e proxectos que se levan a cabo no centro.

A adscrición do profesorado neste curso é a seguinte:

PROFESOR/A	CURSO/ÁREA
ENCARNACIÓN MAYO PARIS	INF. A
RAQUEL VIÑA MOLINOS	INF. B
BEGOÑA VILLANUEVA MODINO	INF. C
CONSUELO MARÍA PRIEGUE GARCÍA	1º PRIMARIA
Mª MICAELA BEIRO OREIRO	2º PRIMARIA
Mª DOLORES PÉREZ CASTAÑO	3º PRIMARIA
MANUEL JESÚS SIABA LESTÓN	4º PRIMARIA

GONZALO BREA ROMANÍ- SILVIA VÁZQUEZ DE LA IGLESIA	5º PRIMARIA
ANA CELIA LÓPEZ DE PRADO Y LÓPEZ	6º PRIMARIA
MARÍA DO CARME HERMO GÓMEZ	INGLÉS
GONZALO BREA ROMANÍ	MÚSICA
JOSÉ ROMERO GONZÁLEZ	ED. FÍSICA
EVA MANUELA SANTIAGO HERMIDA	RELIXIÓN (itiner.)
Mª DOLORES VIGO FERNÁNDEZ	PT
LARA SEGADE FERNÁNDEZ	AL (itiner.)
CAROLINA MOURELOS VIDAL	ORIENTACIÓN (itiner.)

2.5. **PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.**

2.5.1. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DO EQUIPAMENTO

O centro conta con deficiencias importantes no seu continente debido a súa antigüidade (ano 1974) o que está a provocar un deficiente illamento, fendas, humidades e filtracións de auga en varias zonas do mesmo que dificultan o uso para o que están destinadas, supoñendo tamén un risco potencial para a integridade física de toda a comunidade educativa. Por este motivo, foi solicitada á Xefatura Territorial a reforma integral do edificio.

2.5.2. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

As instalacións do centro están destinadas para a práctica docente, durante o horario de mañá e para as actividades extraescolares, de ser o caso, en horario de tarde.

Cada nivel educativo dispón dunha aula para a actividade lectiva habitual co seu titor ou titora, se ben, as áreas de especialidade son impartidas en aulas específicas: inglés, música, relixión, educación física, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe.

A biblioteca, a nova aula multidisciplinar (plástica), a aula dixital e a de gravación e edición, son utilizadas segundo un horario flexible que se establece ao principio de cada curso e que pode variar en función das necesidades.

3. Horario Xeral do Centro

3.1. XORNADA ESCOLAR

No centro escolar temos concedida a xornada continuada de mañá, que abrangue de 9'30 a 14'30, tanto para educación infantil como primaria.

Cada xornada estará dividida en cinco sesións lectivas, máis o recreo que terán o seguinte horario:

1ª sesión	de 9:30 a 10:24 h
2ª sesión	de 10:24 a 11:18 h
3ª sesión	de 11:18 a 12:12 h
Recreo	De 12:12 a 12:42 h
4ª sesión	de 12:42 a 13:36 h
5ª sesión	de 13:36 a 14:30 h

Cada recreo estará vixiado por un mínimo de sete docentes distribuídos en zonas para atender á totalidade do alumnado e unha coidadora para atender a alumnado con necesidades (de luns a xoves).

Cada cambio de sesión é avisado co toque do timbre, ao igual que os tempos de saída ao recreo e saída ás casas, sendo estes toques máis longos.

As saídas realizaranse ás 14'30 horas pola porta principal.

O alumnado de cada aula será dirixido polo profesorado, que ten clase a última hora con eles, ata os portais do recinto. Farase pola zona ancha de cemento, en dúas ringleiras, igual que nas entradas. Dentro de grupo-clase, na ringleira da esquerda irá o alumnado que vai a pé e pola

dereita o transportado. Os días de choiva as saídas faranse pola pasarela.

No portalón, o profesorado entregará o alumnado de a pé, aos seus familiares polo portal pequeno, e o alumnado transportado ás monitoras do autobús, polo portal grande.

As familias que esperan non entrarán no recinto escolar durante as saídas nin as entradas.

A saída farase seguindo esta orde: en primeiro lugar, sairán os grupos de Infantil e a continuación sairá o alumnado de Educación Primaria.

Segundo a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes, corresponde ao profesorado a atención do alumnado transportado, polo que a dirección dispuxo que:

- A apertura do recinto escolar realizarase, a nivel xeral, ás 9'20, polo que ninguén poderá acceder ao mesmo antes desa hora (salvo profesorado, coidadora, servizo de Madrugadores dependente da ANPA e PAS).
- Unicamente entrará no recinto o alumnado, que será atendido polo profesorado de garda, desde as 9'20 ata as 9'30, non permitindo a entrada a familiares ou acompañantes, durante eses 10 minutos. A partir das 09'30, a entrada de persoal alleo ao centro farase previa cita.
- Na hora de saída, o profesorado acompañará ao grupo co que teña clase á última hora ata o portalón do recinto, onde esperarán os familiares, acompañantes e monitores do transporte. O profesorado que neste momento teña garda de saída, agardará a que todos os nenos/as foran entregados e a que os autobuses arranquen.

3.2. **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO**

Cada alumno/a é diferente ao resto nas súas capacidades, necesidades, intereses e nas súas condicións familiares, socioeconómicas e culturais. Polo que é imprescindible adaptar o ensino ás súas características, adoptando a atención á diversidade como un principio fundamental e levando a cabo as medidas organizativas e curriculares que tal diversidade requira.

Ao falar de **atención á diversidade** referímonos ao conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado. Así se define no artigo 3 da *Orde do 8 de setembro de 2021, pola se que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma Galega*.

Estratexias Xerais de Intervención

A atención á diversidade presente na aula e centro rexerase por unha serie de estratexias xerais de intervención, estas son:

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.
- A participación activa dos mestres/as do equipo, como xeradores de iniciativas, e a súa implicación no desenvolvemento real e efectivo das accións planificadas.
- A colaboración permanente, co obxecto de organizar e coordinar medios e esforzos para unha acción común eficaz.
- A colaboración das especialistas en PT e AL na sensibilización, impulso, mediación, concienciación e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
- A proposta, dende o Departamento de Orientación, de iniciativas e proxectos que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.

- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e as familias.

Esta atención á diversidade do alumnado será:

- **Contextualizada:** partirá das necesidades reais, adaptándose ás mesmas.
- **Integral e integradora:** abarcará a todo o alumnado, ao longo do seu proceso vital e en tódolos aspectos e ámbitos do desenvolvemento.
- **Personalizada:** adaptarase a cada alumno/a concreto, tendo en conta as súas características individuais. Neste sentido, o profesorado acomodará o proceso de ensino e aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a, o que pode traducirse nunha adaptación metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar.
- **Especializada:** contará coa intervención das especialistas en PT e AL e outros especialistas externos ao centro, como o Equipo de Orientación Específica (EOE).
- **Sistemática e gradual:** será unha acción consensuada, planificando as actuacións a levar a cabo a través do do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Trátase de partir do nivel de coñecementos previos do alumnado e avanzar dentro da súa Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP), respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades. Para isto, é preciso que o profesorado coñeza a situación persoal de cada alumno/a (os principais datos evolutivos e de saúde) e o seu estilo e o ritmo de aprendizaxe, que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para facilitar o seu achegamento ao currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e que estableza unha rede de coordinación co equipo docente.

Critérios metodolóxicos e organizativos a nivel de aula

Para atender á diversidade do alumnado a nivel de aula, adoptaranse unha serie de criterios metodolóxicos e organizativos:

- **Criterios metodolóxicos**

- Fomentar a participación do alumnado na dinámica de aula.
- Incluír actividades variadas, con distintos niveis de esixencia; conectadas cos coñecementos previos do alumnado; con diversidade en canto ás linguas que empregan e, na medida do posible, con carácter práctico e funcional.
- Propoñer materiais didácticos diversos e establecer procedementos de avaliación variados, segundo as necesidades do alumnado.
- Promover a interacción entre iguais e o traballo en equipos cooperativos.

- **Criterios organizativos**

- Establecer tempos flexibles para a realización de actividades e a adquisición de aprendizaxes.
- Combinar o traballo en grupos homoxéneos e heteroxéneos de acordo coas necesidades de cada momento.
- Incluír na dinámica de aula o traballo cooperativo e axuda entre iguais.

Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Cando falamos de **Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE)**, estamos a referirnos a aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar Necesidades Educativas Especiais (NEE), por Retraso Madurativo, por Trastornos do Desenvolvemento da Linguaxe e a Comunicación, por Trastornos de Atención ou de Aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por as súas Altas Capacidades Intelectuais, por incorporarse tarde ao Sistema Educativo Español ou por condicións persoais ou de historia escolar. Así define a este alumnado a *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de*

decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE) ao modificar o establecido no artigo 71 da (LOE).

Así mesmo, sinala que se deberán asegurar os recursos necesarios para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Actuacións preventivas: Detección temperá e avaliación inicial

As estratexias de actuación terán un **carácter preventivo**, actuando e establecendo medidas antes que de que se produzan dificultades, para tratar de evitalas. Neste sentido, a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa máis axeitada, son procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade. A detección e a correspondente intervención realizaranse dende un enfoque multidisciplinar e interinstitucional e nela colaborarán: o profesorado titor, os equipos docentes, os servizos de orientación, os equipos directivos, as familias, os servizos sanitarios, os servizos sociais e todas as persoas ou institucións que teñan esas actuacións entre as súas funcións.

As nais, pais ou tutores/as legais do alumnado serán informados dos procedementos para a detección temperá e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación de actuacións e medidas de atención á diversidade.

A **avaliación inicial**, constitúe un factor preventivo por excelencia. Realizarase coa finalidade de coñecer as características e necesidades individuais de cada alumno/a, de forma particular, e do grupo, no seu conxunto, para a adopción das medidas de intervención que se consideren oportunas (reforzos, adaptacións...).

Será realizada polo equipo docente, coordinado polo profesorado titor, e recollerá a información achegada pola familia e a procedente do curso ou etapa anterior. O profesorado titor informará ás familias dos resultados e, cando proceda, das medidas de atención á diversidade consideradas necesarias. Os resultados servirán para adoptar decisións de tipo educativo

e, de ser o caso, demandar á xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Avaliación Psicopedagóxica

Cando un alumno/a presente algunha necesidade educativa, realizaráselle unha **avaliación psicopedagóxica** co obxecto de propoñer medidas de intervención adaptadas ás súas características. Esta avaliación consiste nun proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado (do contexto escolar, da contorna familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe), coa finalidade identificar esas necesidades educativas e poder fundamentar as correspondentes decisións e propostas educativas.

Esta avaliación é competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, de todas as persoas implicadas no proceso de ensino e aprendizaxe do alumno/a e, de ser o caso, co asesoramento do equipo de orientación específico (EOE).

A orientadora deseñará o **protocolo de demanda** de avaliación psicopedagóxica (documento de derivación ao Departamento de Orientación) que dará a coñecer a comunidade educativa.

A familia será informada da realización da avaliación psicopedagóxica así como da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación, quedando constancia por escrito.

O proceso de avaliación psicopedagóxica culminará coa elaboración do **informe psicopedagóxico** (que formará parte do expediente escolar do alumno/a) no que se recollerán todos os datos relativos aos distintos ámbitos do desenvolvemento, así como as necesidades educativas detectadas, as medidas de atención á diversidade que se deben adoptar para dar resposta ás mesmas (orientacións e propostas organizativas e curriculares, axudas e recursos necesarios) e o procedemento para a súa revisión e actualización. Cando se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa e/ou unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria elaborárase **ditame de escolarización**.

Medidas de Atención á Diversidade

Unha vez detectadas as necesidades do alumnado, adoptaranse **medidas de atención á diversidade** que permitan dar resposta ás mesmas. Estas son, de acordo co artigo 41 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e recóllense no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan. Serán obxecto de seguimento e revisión continua, podendo aumentalas, diminuílas ou suprimilas en calquera momento.

• Medidas Ordinarias de atención á diversidade

Segundo o artigo 42 desta mesma orde, considéranse medidas ordinarias aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ao seu contorno.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia.
- f) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- g) Programas de enriquecemento curricular.
- h) Plan específico de reforzo para o alumnado de primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

- i) Programas de habilidades e competencias sociais.

- **Medidas Extraordinarias de atención á diversidade**

Segundo o artigo 54 da devandita orde, considéranse medidas extraordinarias aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades do alumnado con NEAE que supoñen modificacións significativas do currículo ordinario e/ou cambios na organización, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar insuficientes. Para o que será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- a) Adaptacións curriculares (AC).
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa.
- e) Atención educativa ao alumnado con dificultades de asistencia continuada ao centro docente (atención educativa domiciliaria, hospitalaria ou virtual).
- f) Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- g) Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de protección e tutela.
- h) Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- i) Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- j) Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- k) Grupos de adquisición de linguas.
- l) Grupos de adaptación da competencia curricular.

- **Medida de Reforzo Educativo**

Convén destacar, con respecto ao **reforzo educativo**, que pode ser levado a cabo por parte do profesorado do grupo ou por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria, tratándose dunha medida ordinaria. Tamén pode consistir no apoio por parte do profesorado especialista en PT ou AL, tratándose, neste caso, dunha medida extraordinaria. Á súa vez, pode desenvolverse dentro ou fóra da aula.

- O *reforzo educativo por parte do profesorado*, dentro da aula ordinaria, consiste na adecuación da programación de aula ás características individuais dun alumno/a.
- O *reforzo educativo por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria*, poderá poñerse en funcionamento ao comezo do curso en función do horario do profesorado e consiste no apoio de profesorado do centro nas áreas instrumentais básicas.
- O *reforzo educativo por parte do profesorado de PT e AL*, é un recursos dirixido ao alumnado con NEAE e realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria. Fóra da aula terá carácter excepcional e deberá constar no informe psicopedagóxico. Desta atención excepcional exclúense as intervencións de AL relacionadas coa reeducación da produción oral do alumnado.

Partindo dos principios de integración e normalización, a orientadora elaborará a proposta de organización dos apoios para o alumnado con NEAE, en base aos seguintes criterios:

- Atenderase ao alumnado que así se aconselle no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica.
- Atenderase ao alumnado obxecto de AC.
- Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
- Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumnado fóra do grupo ordinario. Terá unha distribución semanal equilibrada, non podendo exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia. No caso das intervencións de AL relacionadas coa reeducación da linguaxe, só ocuparán unha fracción do período lectivo.
- A atención diferenciada fóra da aula ó ACNEAE, será temporalizada, compatibilizándoa nas materias obxecto de apoio

coa atención docente directa dentro da aula por parte do profesorado do grupo ordinario, sen prescindir desta última en ningunha das áreas do currículo.

- Evitarase a ausencia nas materias non instrumentais que favorecen a integración (Educación Física, Música, Plástica...).

- **Non promoción do alumnado**

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa de Educación Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

- **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil ou primaria.**

Segundo a *Orde do 8 de setembro de 2021* (art.58), é unha medida extraordinaria de atención á diversidade que consiste na redución ou ampliación da permanencia nunha determinada etapa por tratarse,

respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou con NEE.

- Por un lado, sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, a escolarización do alumnado con NEE poderá prolongarse 1 ano máis, sempre que favoreza a súa integración socioeducativa. Será o equipo docente o que adopte esta decisión, co asesoramento do equipo de orientación e oída a familia, unha vez esgotada a medida excepcional de repetición.
- Por outro lado, o alumnado con Altas Capacidades Intelectuais, poderá anticipar a súa incorporación á Educación Primaria ou á ESO, ou reducir a duración nelas, cando sexa o máis adecuado para o seu desenvolvemento persoal e socialización.

3.3. **HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS/NAIS.**

O horario semanal de atención a pais/nais ou titores legais establecido será, preferentemente, salvo excepcións xustificadas, os luns de 18:00 a 19:00 horas.

Por razóns obvias, non se atenderá a un pai/nai/titor en momentos en que o profesorado teña alumnado ao seu cargo.

O profesorado garantirá en todo momento unha comunicación fluída coas familias do alumnado que ten a cargo.

3.4. **HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DO EQUIPO DIRECTIVO.**

Atenderase, preferentemente, no seguinte horario:

SECRETARÍA	Luns e mércores de 9:30 a 10:24 e martes de 11:18 a 12:12
DIRECCIÓN	Luns de 13:36 a 14:30 e Venres de 9.30 a 11:18
XEFATURA	Martes de 9:30 a 10:24 e Xoves de 10:24 a 11:18

*Este horario poderá sufrir modificacións, en todo caso, estará actualizado na web do centro no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipricardotobio/taxonomy/term/69>

3.5. **QUENDAS DE VIXILANCIA****RECREOS**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ALTERNAN OS GRUPOS 1 e 2.	GRUPO 1: • Micaela • Consuelo M ^a • Manuel Jesús • Gonzalo • Begoña • Raquel	GRUPO 2: • Ana Celia • M ^a Dolores • Silvia • Jose • Encarnación • Eva • M ^a do Carme	GRUPO 1: • Micaela • Consuelo M ^a • Manuel Jesús • Gonzalo • Begoña • Encarnación	GRUPO 2: • M ^a Dolores • Silvia • Jose • Raquel • Eva • M ^a do Carme

*As quendas poderán sufrir modificacións por razóns de organización e funcionamento do centro. En todo caso, garantirase a ratio vixente (1 docente por cada 50 alumnos/as en primaria e 1 por cada 25 alumnos/as en infantil).

3.6. **HORARIO DO PROFESORADO**

Debido ás características do espazo físico que hai entre o portal de entrada ao recinto ata á zona de entrada do edificio e, tendo en conta as rateos do alumnado, o profesorado que fai gardas de entrada e saída (atención ao alumnado transportado) é o seguinte:

Micaela	Ana Celia
Consuelo M ^a	M ^a Dolores
Manuel Jesús	Silvia
Gonzalo	Jose
Begoña	Encarnación
Raquel	Eva
	M ^a do Carme

Tendo en conta a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes, na que corresponde ao profesorado a atención do alumnado transportado, sendo estas gardas consideradas como lectivas, **os mestres e mestras deste centro, que realicen tarefas desta índole, disporán dunha compensación de 50 minutos semanais, de libre disposición, que se recollerá no seu horario persoal.**

4. Órganos de Coordinación Docente

4.1. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A comisión de Coordinación Pedagóxica está composta polos seguintes membros:

- Directora: Silvia Vázquez de la Iglesia
- Xefa de Estudos: María do Carme Hermo Gómez
- Coordinadoras:
 - Infantil: Encarnación Mayo Paris
 - 1º ciclo Ed. Primaria: María Micaela Beiro Oreiro
 - 2º ciclo de Ed. Primaria: María Dolores Pérez Castaño
 - 3º ciclo de Ed. Primaria: Silvia Vázquez de la Iglesia
- Departamento de Orientación:
 - Orientadora: Carolina Mourellos Vidal
 - Profesora de AL: Lara Segade Fernández (secretaria)
 - Profesora de PT: María Dolores Vigo Fernández
- Dinamización da Lingua Galega: Lara Segade Fernández
- Equipo da Biblioteca (PLAMBE): Consuelo María Priegue García

A comisión reunirse, cando menos, unha vez ao mes. Entre as accións previstas para este curso están as seguintes:

- ☐ Criterios comúns para a realización das Programacións.
- ☐ Concrecións curriculares.
- ☐ Organización das sesións de avaliación.
- ☐ Revisión do PE.

- ☐ Revisión do NOF.
- ☐ Facer propostas de cara ao plan de autoprotección.
- ☐ Outras que xurdan segundo as necesidades do centro.

4.2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O departamento de orientación é o órgano encargado de coordinar o proceso de orientación educativa a nivel de centro. Así pois, no noso centro, a orientación educativa abrangue a toda a comunidade educativa no seu conxunto (centro, profesorado, alumnado e familias). Nesta liña, partimos dunha concepción da **orientación educativa** como “un proceso de acción continuo, dinámico, integral e integrador, dirixido a todas as persoas, en todos os ámbitos, facetas e contextos ao longo de todo o seu ciclo vital, e cun carácter fundamentalmente social e educativo” (Martínez Clares, 2002). Un proceso que debe desenvolver o departamento de orientación no centro educativo, pero que tamén leva a cabo o profesorado a nivel de aula, a través da acción titorial. Será unha orientación continua (estendéndose ao longo da escolarización do alumnado) e proactiva (integrada no proceso de ensino e aprendizaxe, co obxecto de que todo o alumnado acade un desenvolvemento integral), considerando ao suxeito como un axente activo.

4.2.1 Organización do Departamento de Orientación

O CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío conta cun Departamento de Orientación compartido co CEIP Plurilingüe de Louro e ten adscrita a EEI de Tal de Abaixo.

- **Composición**

Dadas as características do centro e tomando como referencia o establecido no artigo 4 do *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*, o Departamento de Orientación do centro ten a seguinte composición:

Xefa do Departamento de Orientación Itinerante co CEIP Plurilingüe de Louro (compartido) e a EEI de Tal (adscrita).	Carolina Mourelos Vidal
Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica	M ^a Dolores Vigo Fernández
Mestra especialista en Audición e Linguaxe Itinerante co CEIP Plurilingüe de Louro (compartido) e a EEI de Muros.	Lara Segade Fernández
Coordinadora de Ed. Infantil	Encarnación Mayo París
Coordinadora do 1º ciclo de Ed. Primaria	Micaela Beiro Oreiro
Coordinadora do 2º ciclo de Ed. Primaria	M ^a Dolores Pérez Castaño
Coordinadora do 3º ciclo de Ed. Primaria	Silvia Vázquez de la Iglesia
Responsable da orientación no centro adscrito	M ^a Ángeles Legaspi Díaz

- **Funcionamento**

No desempeño das súas funcións a xefatura do departamento de orientación, así como o departamento de orientación no seu conxunto, tomará como referencia o establecido no *Decreto 120/1998, do 23 de abril*, e na *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*.

➔ **Funcións da xefatura do departamento de orientación:**

Tomando como referencia o establecido no artigo 11 da *Orde do 24 de xullo de 1998*, a xefa do departamento de orientación terá as seguintes funcións:

- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento de orientación.
- Responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- Representar ao departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.

- e) Asistir ás reunións convocadas pola xefatura do Departamento de Orientación do Instituto de Educación Secundaria ó que está adscrito.
- f) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- g) Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- h) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e os criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse da elaboración do informe psicopedagóxico.
- i) Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- j) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

→ Funcións do departamento de orientación:

Tomando como referencia o establecido no artigo 10 da *Orde do 24 de xullo de 1998*, será competencia do departamento de orientación:

- a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- b) Elaborar as propostas do Plan de Orientación e do Plan de Acción Titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecer ao profesorado o soporte técnico para o seu desenvolvemento.
- c) Participar na elaboración, seguimento e avaliación do Proxecto Educativo e Curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe que presenten os alumnos e alumnas.

- e) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- f) Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- g) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- h) Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- i) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses; adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- j) Establecer canles de comunicación cos diferentes servicios ou institucións no ámbito das súas competencias.

Cabe mencionar que, a persoa responsable da xefatura do DO será, á súa vez, a persoa **coordinadora de benestar e convivencia no centro**, polo que tamén asumirá as funcións asignadas a esta figura polo artigo 3 da *Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*.

- **Reunións de coordinación**

Para o cumprimento das súas funcións, será imprescindible a coordinación entre os membros do departamento e cos restantes axentes da comunidade educativa. Debido a criterios prioritarios de atención didáctica a cursos e titorías, considerando o especificado no artigo 14 da *Orde do 24 de xullo de 1998*, levaranse a cabo as seguintes reunións:

- Reunión semanal coas especialistas en PT e AL, para a coordinación da atención á diversidade, co fin de levar a cabo un seguimento do alumnado

con NEAE e demais alumnado que reciba apoio educativo, e supervisar as accións orientadoras que se desenvolvan no centro.

- Reunión trimestral de carácter ordinario, con todos os membros do Departamento de orientación, para facer un seguimento do Plan de Orientación e das actuacións levadas a cabo co alumnado con NEAE e, de ser o caso, formular propostas de intervención.
- Outras reunións de carácter extraordinario con todos os membros do Departamento de orientación.
- Reunións periódicas coa persoa responsable da orientación no centro adscrito, para unha avaliación das necesidades e das medidas de intervención postas en práctica.
- Reunións trimestrais coa xefatura do Departamento de orientación do Instituto de Ensino Secundario ao que está adscrito o centro.
- Reunións coa educadora familiar e Servizos Sociais do concello, para intercambiar información do alumnado procedente de familias con necesidades de asistencia social.
- Reunións con outros servizos de orientación externos: EOE, Centros logopédicos ou asociacións (para tratar sobre alumnos/as que están a recibir unha intervención).
- Outras reunións nas que participará o Departamento de orientación serán a Comisión de Coordinación Pedagóxica, dinamizacións, reunións con nais e pais, reunións de titores/as, reunións de avaliación, claustros de profesores/as...

Finalmente, como xa se mencionou con anterioridade, a persoa responsable da xefatura do DO será, á súa vez, a persoa **coordinadora de benestar e convivencia no centro**, polo que, ademais de coordinarse cos membros do departamento de orientación, tamén se coordinará co equipo directivo e coas asociacións de nais e pais para o desenvolvemento das súas funcións, como se recolle no artigo 3 da *Orde do 23 de agosto de 2023*.

4.2.2. Actuacións e temporalización

Primeiro trimestre:

- Elaboración do Plan Anual de Orientación e revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade e do Plan de Acción Titorial, así como a programación de actividades e programas específicos neles incluídos.
- Colaboración na revisión do Proxecto Educativo e das Concrecións Curriculares.
- Organización do espazo do Departamento de Orientación e actualización do rexistro de probas, libros de texto e demais materiais didácticos.
- Análise e adquisición de materiais para o Departamento de Orientación.
- Análise de necesidades en relación coa orientación no ámbito do centro, a partir da revisión de documentos (memoria anual, expedientes do alumnado...) e das reunións co profesorado e equipo directivo.
- Análise e proposta de medidas organizativas a nivel centro que permitan unha mellor atención ó alumnado con NEAE.
- Acollida do alumnado procedente do estranxeiro, de ser o caso (recollida de información, entrevista ás familias, asesoramento nas actividades de acollida no centro...).
- Organización da resposta educativa máis axeitada ó alumnado avaliado: organización dos horarios das especialistas de PT e AL, elaboración de propostas de intervención educativa.
- Selección de materiais e recursos para o alumnado.
- Colaboración e asesoramento na avaliación inicial. Participación nas sesións de avaliación inicial.
- Avaliación do desenvolvemento da fala e da linguaxe do alumnado de Educación Infantil que amose necesidades de reeducación da produción oral, en colaboración coa especialista en Audición e Linguaxe.
- Asesoramento ás persoas que exercen as titorías no desenvolvemento da función titorial.
- Asesoramento na elaboración de Adaptacións Curriculares e no desenvolvemento de outras medidas de atención á diversidade.
- Reunións coas familias: promoción da comunicación (entrevistas) e colaboración (avaliación inicial, pautas de orientación para o novo curso), información sobre bolsas e axudas...
- Xestión das bolsas para alumnado con NEAE do Ministerio de Educación.

- Organización e posta en marcha do Servizo de Mediación Escolar co alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria. Formación do alumnado de que formará parte do equipo mediador.
- Coordinación de programas e actividades.
- Programa de detección do déficit auditivo e visual co alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil.
- Convocatoria e presidencia das reunións do Departamento de Orientación.
- Asistencia ás sesións de avaliación do alumnado, con voz e sen voto.
- Coordinación cos Departamentos de Orientación da zona.
- Colaboración outros servizos de orientación ou institucións de carácter externo ao centro, que inciden na atención ao alumnado (EOE, Servizos Sociais, centros específicos, Asociacións...).

Segundo trimestre:

- Desenvolvemento do Programa de Educación Emocional co alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria, destinado ao desenvolvemento da competencia emocional no alumnado, tanto na súa dimensión individual (auto-coñecemento e auto-regulación emocional) como social (coñecemento social, habilidades sociais e estratexias de resolución de conflitos).
- Seguimento, individual e grupal, do alumnado con dificultades de aprendizaxe ou de tipo condutual.
- Revisión e modificación, se fose preciso, das medidas de reforzo ou Adaptacións Curriculares.
- Avaliación psicopedagóxica do alumnado, asesoramento e colaboración no deseño e desenvolvemento de respostas educativas axeitadas as súas necesidades educativas.
- Asesoramento e apoio ás persoas titoras no desenvolvemento da acción tutorial e orientadora.
- Participación nas sesións de avaliación e nas reunións dos equipos docentes.
- Coordinación de programas e actividades.
- Atención individual a familias, alumnado e profesorado.

- Información e asesoramento ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos/as (pautas sobre hábitos de estudo, convivencia...) e, de ser o caso, sobre os resultados das avaliacións psicopedagóxicas ou as medidas de atención á diversidade adoptadas.
- Coordinación cos Departamentos de Orientación da zona.
- Colaboración outros servizos de orientación ou institucións de carácter externo ao centro, que inciden na atención ao alumnado (EOE, Servizos Sociais, centros específicos, Asociacións...).

Terceiro trimestre:








- Seguimento, individual e grupal, do alumnado con dificultades de aprendizaxe ou de tipo condutual.
- Revisión e modificación, se fose preciso, das medidas de reforzo ou Adaptacións Curriculares.
- Avaliación psicopedagóxica do alumnado, asesoramento e colaboración no deseño e desenvolvemento de respostas educativas axeitadas as súas necesidades educativas.
- Asesoramento e apoio ás persoas titoras no desenvolvemento da acción titorial e orientadora.
- Coordinación de programas e actividades.
- Exploración psicopedagóxica do alumnado de 6º curso de Educación Infantil e de 3º curso de Educación Primaria, co fin de detectar de forma temperá posibles dificultades de aprendizaxe que motiven unha intervención específica ao inicio ou durante a etapa primaria, respectivamente.
- Participación nas sesións de avaliación e nas reunións dos equipos docentes.
- Organización do Programa de tránsito da Educación Primaria á ESO.
- Aplicación da Batería Colectiva de Aptitudes (BADyG E3) en 6º de Educación Primaria, co obxecto de coñecer as fortalezas e necesidades do alumnado de cara o paso á ESO.
- Coordinación cos Departamentos de Orientación da zona.
- Colaboración outros servizos de orientación ou institucións de carácter externo ao centro, que inciden na atención ao alumnado (EOE, Servizos Sociais, centros específicos, Asociacións...).

- Información e asesoramento ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos/as (pautas sobre hábitos de estudo, convivencia...) e, de ser o caso, sobre os resultados das avaliacións psicopedagóxicas ou as medidas de atención á diversidade adoptadas.
- Avaliacións finais do alumnado tendo en conta o progreso dende o inicio do curso e as medidas de intervención adoptadas.
- Recollida de información do alumnado que provén dos centros adscritos.
- Elaboración dunha previsión de necesidades para o vindeiro curso e propostas de apoios.
- Redacción da memoria final do Departamento de Orientación.

Todo isto, sen esquecer as actuacións relacionadas coa convivencia no marco do centro e as referidas á formación permanente, investigación e innovación do profesorado.

4.3. EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O profesorado que imparte docencia nesta etapa é o seguinte:

-  Encarnación Mayo París (Coordinadora e titora de Infantil)
-  Begoña Villanueva Modino (Titora de Infantil)
-  Raquel Viña Molinos (Titora de Infantil)
-  José Romero González (Educación Física)
-  María do Carme Hermo Gómez (Inglés)
-  Eva Manuela Santiago Hermida (Relixión)
-  María Dolores Vigo Fernández (Pedagogía Terapéutica)
-  Lara Fernández Segade (Audición e Linguaxe)
-  Gonzalo Brea Romaní (Música)

En canto ao profesorado adscrito ao ciclo, sinalar que é o remarcado en cor azul.

O plan de actuación para o ciclo pode verse reflexado na programación de ciclo elaborada para tal fin.

4.4. EQUIPOS DE CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

4.4.1. PLAN DE ACTUACIÓN DO 1º CICLO DE ED. PRIMARIA

Compoñentes do ciclo:

- *Consuelo María Priegue García – Titora de 1º curso*
- *Micaela Beiro Oreiro – Titora de 2º curso e coordinadora.*
- *José Romero González – Profesor de Educación Física.*
- *Eva Manuela Santiago Hermida – Profesora de Relixión*

Alumnado no ciclo:

- *1º curso de Primaria - 22*
- *2º curso de Primaria – 18*
- **TOTAL DO CICLO: 40**

A) TEMPORALIZACIÓN DAS REUNIÓN.S.

As reunión.s do ciclo faranse o 1º luns de cada mes en horario de 17:15 a 18:00 horas e cando sexa necesario por cuestión.s organizativas e previa convocatoria por parte da coordinadora.

B) OBXECTIVOS PARA O CICLO.

- Adecuar os obxectivos aos alumnos e alumnas do ciclo.
- Seleccionar os contidos máis axeitados para conseguir eses obxectivos.
- Axustar a programación as características e necesidades do alumnado atendendo aos resultados establecidos da avaliación inicial.
- Realizar unha reunión cos pais e nais ao comezo de curso e todas as que se consideren oportunas ao longo do mesmo.
- Adaptar o traballo a diversidades de ritmos, intereses e aprendizaxes do noso alumnado.
- Pedir a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solución.s para tratar os nenos e nenas que presenten dificultades na aprendizaxe.
- Continuar cos reforzos educativos e apoios, de ser o caso para poder dar resposta ás necesidades do alumnado.

- Intercambiar opinións e experiencias sobre o progreso das nosas alumnas e alumnos co fin de detectar as necesidades que poidan ir xurdindo.
- Elaborar e transmitir propostas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Realizar reunións de ciclo de xeito periódico coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares que se traballan no ciclo e buscar novos recursos para tratar os diferentes contidos de xeito motivador e innovador.
- Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos distintos equipos de traballo: EDLG, ACE, Biblioteca e TIC.

C) PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- Conmemoracións: Participaremos como ciclo en todas as conmemoracións de carácter prescriptivo.
- Participaremos nas actividades extraescolares que se programen a nivel xeral no centro.
- Proxecto de Centro: “50 anos do Ricardo Tobío...e máis”
- Saída de fin de curso (xuño). Este curso iremos a unha granxa escola, en Negreira.
- Participaremos nas saídas que se programen dende o centro ao longo do curso (Ex. Limpeza da Praia).

4.4.2. PLAN DE ACTUACIÓN DO 2º CICLO DE ED. PRIMARIA

Compoñentes do ciclo:

- *Mª Dolores Pérez Castaño – Titora de 3º curso e coordinadora.*
- *Manuel Jesús Siaba Lestón – Titor de 4º curso*
- *Mª do Carme Hermo Gómez – Profesora especialista de inglés.*

- *M^a Dolores Vigo Fernández – Profesora especialista de P.T.*

Alumnado no ciclo:

- *3^o curso de Primaria - 17*
- *4^o curso de Primaria – 19*
- **TOTAL DO CICLO: 36**

A) TEMPORALIZACIÓN DAS REUNIÓN.S.

As reunións do ciclo faranse o 1^o luns de cada mes en horario de 17:15 a 18:00 horas e cando sexa necesario por cuestións organizativas e previa convocatoria por parte da coordinadora.

B) OBXECTIVOS PARA O CICLO.

- Adecuar os obxectivos aos nenos do ciclo.
- Seleccionar os contidos máis axeitados para conseguir eses obxectivos.
- Axustar a programación as características e necesidades do alumnado atendendo aos resultados establecidos da avaliación inicial.
- Realizar unha reunión cos pais e nais ao comezo de curso e todas as que se consideren oportunas ao longo do mesmo.
- Adaptar o traballo a diversidades de ritmos, intereses e aprendizaxes do noso alumnado.
- Pedir a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para tratar os nenos e nenas que presenten dificultades na aprendizaxe.
- Continuar cos reforzos educativos e apoios, de ser o caso para poder dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Intercambiar opinións e experiencias sobre o progreso dos nosos alumnos/as, co fin de detectar as necesidades que poidan ir xurdindo.
- Elaborar e transmitir propostas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Realizar reunións de ciclo de xeito periódico coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares que se traballan no ciclo e buscar novos recursos para tratar os diferentes contidos de xeito motivador e innovador.

- Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos distintos equipos de traballo: EDLG, ACES, ...
- Participar, se o consideramos oportuno, en actividades propostas por entidades ou institucións externas (Comunidade de Montes, clubs deportivos, asociacións culturais, etc.)

C) PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- Conmemoracións: Participaremos como ciclo en todas as conmemoracións marcadas na Orde do calendario escolar para o curso 23-24.
- Participaremos nas actividades extraescolares que se programen a nivel xeral no centro:
 - XOGADE.
 - Conmemoracións: Participaremos como ciclo en todas as conmemoracións de carácter prescriptivo.
 - Participaremos nas actividades extraescolares que se programen a nivel xeral no centro.
 - Proxecto de Centro: “50 anos do Ricardo Tobío...e máis”
 - Saída de fin de curso (xuño). Este curso iremos a unha granxa escola, en Negreira.
 - Participaremos nas saídas que se programen dende o centro ao longo do curso (Ex. limpeza da praia).

4.4.3. PLAN DE ACTUACIÓN DO 3º CICLO DE ED. PRIMARIA

Compoñentes do ciclo:

- *Gonzalo Brea Romaní – Titor de 5º curso.*
- *Silvia Vázquez de la Iglesia – Profesora en 5º curso e coordinadora.*
- *Ana Celia López de Prado y López– Titora de 6º curso.*

- *Carolina Mourelos Vidal – Orientadora.*

Alumnado no ciclo:

- *5º curso de Primaria - 13*
- *6º curso de Primaria – 17*
- **TOTAL DO CICLO: 30**

A) TEMPORALIZACIÓN DAS REUNIÓN.S.

As reunión.s do ciclo faranse o 1º luns de cada mes en horario de 17:15 a 18:00 horas e cando sexa necesario por cuestión.s organizativas e previa convocatoria por parte da coordinadora.

B) OBXECTIVOS PARA O CICLO.

- Realizar unha reunión cos pais e nais ao comezo de curso e todas as que se consideren oportunas ao longo do mesmo.
- Adecuar os obxectivos aos nenos/as do ciclo.
- Seleccionar os contidos máis axeitados para conseguir eses obxectivos.
- Axustar a programación as características e necesidades do alumnado atendendo aos resultados establecidos da avaliación inicial.
- Realizar reunión.s de ciclo de xeito periódico coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Adaptar o traballo a diversidades de ritmos, intereses e aprendizaxes do noso alumnado.
- Pedir a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solución.s para tratar os nenos e nenas que presenten dificultades na aprendizaxe.
- Continuar cos reforzos educativos e apoios, de ser o caso, para poder dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Intercambiar opinión.s e experiencias sobre o progreso dos nosos alumnos/as, co fin de detectar as necesidades que poidan ir xurdindo.
- Elaborar e transmitir propostas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares que se traballan no ciclo e buscar novos recursos para tratar os diferentes contidos de xeito motivador e innovador.

- Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos distintos equipos de traballo: EDLG, ACES, ...
- Participar en actividades propostas por entidades ou institucións externas (clubes deportivos, asociacións culturais, etc.) que redunden en promover a aprendizaxe integral do alumnado en todas as súas vertentes.
- Traballar coas novas tecnoloxías, principalmente a través do proxecto E-DIXGAL, ferramenta de traballo esencial no noso ciclo.

C) PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- Conmemoracións: Participaremos como ciclo en todas as conmemoracións recollidas nesta Programación Xeral Anual.
- Participaremos tamén, nas actividades complementarias que se programen a nivel xeral no centro:
 - XOGADE e Xogando coa auga e co vento: remo e piragüismo.
 - Proxecto de Centro sobre os 50 anos do noso colexio.
 - Saída en bicicleta/patín/patinete pola contorna (área de Ed. Física).
 - Limpeza de Praia.
- Participaremos nas saídas didácticas que se estimen oportunas, tendo en conta que sexan enriquecedoras para o alumnado do ciclo, que se concretarán ao longo do curso, informando previamente ás familias do alumnado.
- Faremos tamén, unha saída de fin de curso, no mes de xuño que se concretará chegado o momento.

4.5. CALENDARIO DE REUNIÓN

Todos os luns lectivos, realizaranse as seguintes reunións:

- a) Coordinacións do profesorado e ciclos de 17:15 a 18:00 horas.

Programación Xeral Anual 23-24

Tamén se levarán a cabo, neste horario, as seguintes xuntanzas referidas ao Plan Dixital e/ou Equipo E-dixgal que serán convocadas pola coordinadora, Ana Celia López de Prado y López.

- 16 de outubro.
- 20 de novembro.
- 18 de decembro.
- 22 de xaneiro:
- 26 de febreiro.
- 29 de abril.
- 27 de maio.

b) Outras reunións, en horario de 16:00 a 17:15 horas, que se establecen a continuación:

Días	MES
SETEMBRO	
1-8	VER CALENDARIO ESPECÍFICO
11	CCP (PXA) E REUNIÓN XERAL (Coordinación equipos) + CONSELLO ESCOLAR
18	EQUIPOS DE TRABALLO (PXA)
25	XUNTANZAS AVALIACIÓNS INICIAIS
OUTUBRO	
2	EQUIPOS DE TRABALLO (Samaín+Magosto e Día da biblioteca)
9	CLAUSTRO (aprobación PXA e Samaín+Magosto e Biblio)+ CONSELLO ESCOLAR
16	DO
23	CCP E REUNIÓN XERAL
30	Outras xuntanzas-Proxecto de Centro
NOVEMBRO	
6	Formación Maker
13	CCP + CLAUSTRO
20	EQUIPOS DE TRABALLO (Nadal/Fin de trimestre)
27	REUNIÓN XERAL (Nadal/ Fin de trimestre)
DECEMBRO	
4	AVALIACIÓN INFANTIL + 1º E 2º ED. PRIMARIA
11	AVALIACIÓN 3º, 4º, 5º E 6º DE ED. PRIMARIA
18	CCP E CLAUSTRO (Nadal/Fin de trimestre)

XANEIRO	
8	EQUIPOS DE TRABALLO (Non violencia e paz, Entroido e Rosalía)
15	CCP +REUNIÓN XERAL (Coordinación equipos)
22	Outras xuntanzas-Proxecto de Centro
29	CLAUSTRO (Paz+ Entroido) E CONSELLO ESCOLAR (XESTIÓN ECONÓMICA)
FEBREIRO	
5	CCP +REUNIÓN XERAL (Entroido)
19	EQUIPOS DE TRABALLO (Preparación do resto do curso)//Proxecto C
26	DO
MARZO	
4	CCP +REUNIÓN XERAL
11	AVALIACIÓN INFANTIL, 1º E 2º DE PRIMARIA
18	AVALIACIÓN 3º, 4º, 5º E 6º PRIMARIA
ABRIL	
8	CCP +CLAUSTRO (Orzamento)+ CONSELLO ESCOLAR (Orzamento)
15	Outras xuntanzas-Proxecto de Centro
22	DO
29	EQUIPOS DE TRABALLO (Letras Galegas e Fin de Curso)
MAIO	
6	CLAUSTRO (Letras Galegas)
13	CCP +REUNIÓN XERAL (Fin de curso)
27	Outras xuntanzas
XUÑO	
3	AVALIACIÓN INFANTIL, 1º E 2º DE PRIMARIA
10	AVALIACIÓN 3º, 4º, 5º E 6º PRIMARIA
17	CCP E REUNIÓN XERAL (Fin de curso)
24-28	VER CALENDARIO ESPECÍFICO

En amarelo está marcada o día establecido para a coordinación de ciclo e en gris, o establecido para as xuntanzas do profesorado que atende a alumnado con NEAE e o Departamento de Orientación, previa convocatoria da Xefa de departamento.

* Este calendario é susceptible de calquera cambio que sexa preciso para a organización e bo funcionamento do centro.

5. Plans e Proxectos para este curso

5.1 PLAN DE ATENCIÓN EDUCATIVA (ACTIVIDADES ALTERNATIVAS AO ENSINO DA RELIXIÓN) EN EDUCACIÓN INFANTIL

Para o alumnado que non cursa a área de Relixión, o centro docente organizará actividades de carácter educativo que permitan garantir unha atención axeitada. En ningún caso, as actividades poderán incluír aprendizaxe de contidos asociados á ningunha das áreas da etapa. Estas actividades serán incorporadas á proposta pedagóxica e non serán obxecto de avaliación.

A proposta de actividades está baseada nos procesos básicos do desenvolvemento cognitivo do alumnado de 3 a 6 anos.

- Atención e memoria:
 - Xogos de memoria auditiva e visual.
 - Preguntas sobre textos lidos ou contados.
 - Realización de rompecabezas.
- Habilidades sociais:
 - Dinámicas de grupo.
 - Xogos cooperativos.
- Obradoiros de creatividade:
 - Plastilina.
 - Debuxo creativo.
- Outros:
 - Visionado de películas infantís para traballar emocións.
 - Visita á biblioteca escolar.
 - Audicións musicais activas.
 - Obradoiros sobre seguridade viaria.

5.2. PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

O **Programa de Estimulación da Linguaxe Oral** que se levará a cabo no CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío no **curso 2023-2024** estará destinado a dotar ao **alumnado de Educación Infantil** de diversas experiencias directas ca linguaxe co fin de **estimular** ao máximo o seu desenvolvemento a nivel comunicativo-lingüístico. A posta en práctica do programa nos permitirá tanto **previr** como tamén **detectar de xeito temperá** posibles dificultades na linguaxe e/ou na fala. Recordemos, ademais, que as habilidades lingüísticas e comunicativas son un dos **contidos** básicos a traballar na etapa tal como se recolle no **Decreto 150/2022 do 8 de Setembro polo que se desenvolve o currículo da Educación Infantil**, concretamente na área “*Comunicación e Representación da realidade*”. Os aspectos lingüísticos se recollen tamén nos **obxectivos de etapa**, especialmente no seguinte: *Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión*.

5.2.1 OBXECTIVOS

A continuación preséntanse os obxectivos marcados para este programa no noso centro.

Obxectivo xeral: Estimular a linguaxe oral do alumnado.

Obxectivos específicos:

1. Desenvolver os prerequisites fundamentais para a adquisición da linguaxe (atención, memoria, discriminación visual e auditiva, seguemento de instrucións...).
2. Optimizar as bases funcionais da linguaxe (respiración, sopro, discriminación auditiva, mobilidade buco-linguo-facial ...).
3. Favorecer as consciencias fonético-fonolóxica, silábica e léxica.
4. Aumentar o vocabulario e a capacidade semántica.
5. Facilitar unha estruturación morfosintáctica adecuada.
6. Favorecer o uso social da linguaxe en distintos contextos e situacións.
7. Potenciar un autoconceito e autoestima axeitados necesarios para a participación social.

5.2.2 ACTIVIDADES

Neste apartado inclúense as **actividades** previstas relacionadas con cada un dos **obxectivos propostos**.

- **Obxectivo 1.** Desenvolver os prerequisites fundamentais para a adquisición da linguaxe (atención, memoria, discriminación visual e auditiva, seguemento de instrucións...).

Actividades:

- 2 Xogar a xogos como o “Memory”, o “Bingo” ou o “Dominó”.
 - Recordar os elementos dunha serie; recoñecer o obxecto que falta dunha serie de obxectos presentados con anterioridade; executar ordes dadas previamente; repetir secuencias de palabras ou sons; discriminar sons.
 - Identificar similitudes ou diferenzas; atopar erros entre dúas imaxes; describir e analizar láminas; buscar elementos en xogos tipo “Lince”.
 - Realizar xogos de seguimento de instrucións tipo “Simón di”, chegar a un obxectivo cos ollos vendados...
- **Obxectivo 2.** Optimizar as bases funcionais da linguaxe (respiración, sopro, discriminación auditiva, mobilidade buco-linguo-facial ...).

Actividades:

- Realizar exercicios de respiración practicando a respiración costodiafragmática: sentir cómo se infla a barriga, asociar a inspiración e a espiración a diferentes movementos...
- Mover muíños de papel; desprazar soprando cachiños de papel de seda, algodóns; facer burbullas de auga cunha palla ...
- Adiviñar sons que outros interpretan; recoñecer cos ollos pechados a voz dun compañeiro; discriminar e reproducir sons de distintos animais; deterse ante unha sinal acústica convida con anterioridade; agrupar debuxos de acordo co fonema inicial; Identificar semellanzas a nivel auditivo entre diferentes palabras; emparellar palabras que riman...
- Sacar e meter a lingua, mantendo a boca aberta; lingua arriba e abaixo, mantendo a boca aberta; levar a lingua dun lado ao outro, tocando a comisura; coa punta da lingua empuxar unha meixela e outra alternativamente.

- Posición de bico e sorriso cos beizos xuntos; adiante e atrás cos beizos separados ensinando os dentes; imitar a posición labial das vogais; vibración dos beizos.
 - Encher as meixelas de aire, manténdoo; levar o aire dunha meixela á outra; encher as meixelas alternativamente
 - Xogo simbólico: imitar o rumiado dunha vaca cos movementos da boca, facer que bocexamos, que nos lavamos os dentes e facemos gágaras, que masticamos algo moi duro...
 - Abrir e pechar a boca lentamente; abrir e pechar a boca rapidamente; mastigar; abrir a boca amodo e pechala rápido; mover a mandíbula inferior dun lado para o outro alternativamente.
 - Contacontos con onomatopeas e exercicios variados de mobilidade buco-linguo-facial ao longo da historia.
- **Obxectivo 3.** Favorecer as consciencias fonético-fonolóxica, sintáctica e léxica.

Actividades:

3. Actividades de discriminación de fonemas: xogo das cadeiras (por exemplo, mentres o docente di palabras que empezan por A o alumnado ten que camiñar ao redor das cadeiras, e cando di unha palabra que empeza por outro fonema teñen que buscar unha cadeira), dado dos articulemas (dependendo do articulema que lles toque deben seleccionar as imaxes que empezan polo mesmo)...
- Contar sílabas con palmas ou con elementos manipulativos (gomets, boliñas...); xogar ás palabras encadeadas...
 - Compoñer pequenas oracións con apoios visuais (por exemplo mediante o xogo “Enséñame a falar” ou utilizando pictogramas de Arasaac) e contar o número de palabras.

- **Obxectivo 4.** Aumentar o vocabulario e a capacidade semántica.

Actividades:

A- Organizar tarxetas por campos semánticos

- Con material dobre repartido ao chou, cada neno describe o obxecto que posúe para conseguilo e formar parella

- Acertar unha palabra, personaxe, obxecto, acción... pola súa definición ou a través da mímica.
 - Xogos de sinónimos e antónimos
 - Xogos de identificar elementos dentro de láminas, grupos de tarxetas...
 - Xogo de "A qué se parece?" no que o docente presenta sombras de elementos e o alumnado ten que adiviñar qué é.
 - Xogos con barallas de cartas de vocabulario, *Oca* ou *Dobble* de vocabulario...
 - Actividades coa caixa sorpresa: o alumnado mete a man nunha caixa e colle un obxecto ao azar que debe describir sen mirar para que os demais o adiviñen.
- **Obxectivo 5.** Facilitar unha estruturación morfosintáctica adecuada.
Actividades:
 - Contar historias con apoio visual (que pasou antes? que vai pasar despois? que tería pasado se ...?)
 - 1- Construción de frases e oracións de máis de tres elementos empregando tarxetas de imaxes e pictogramas.
 - 2- Creación de frases e pequenas historias a través das estratexias de *Gianni Rodari*.
 - 3- Ordear secuencias de imaxes e ir describindoas en orde.
 - **Obxectivo 6.** Favorecer o uso social da linguaxe en distintos contextos e situacións.
Actividades:
 - Xogos de preguntas e respostas cos compañeiros e compañeiras.
 - A- Dramatizacións semidirixidas de escenas sociais, contos... con ou sen marionetas.
 - B- Análise de láminas nas que se representan situacións sociais diversas imaxinando o que din os personaxes.
 - C- Ofrecer modelos en situacións reais e contextualizadas
 - D- Xogo simbólico semidirixido (tenda, restaurante, hospital..)
 - **Obxectivo 7.** Potenciar un autoconceito e autoestima axeitados necesarios para a participación social.

Actividades:

- A- Que cada alumno e alumna diga aquelas actividades que se lle dan ben e aquelas que lle resultan máis difíciles (así tomarán conciencia de que cada un ten unhas habilidades diferentes), que compartan aquilo que lles gusta dos seus compañeiros e compañeiras...
- B- Contar contos e historias nos que os nenos ou nenas protagonistas superen medos, resolvan dificultades da vida cotiá...

5.2.3 RECURSOS MATERIAIS

Para a posta en práctica deste programa serán de utilidade:

- Pelotas de ping pong, papeis de cores, pallas, matasogras, pompeiros, globos, ...
- Materiais de creación propia: tarxetas con velcros, fichas, caixa sorpresa, ocas, tarxetas de vocabulario, articulemas...
- Arriaza Mayas, J.C. (2006). *Cuentos para hablar y aprender*. Ed.Cepe. Madrid.
- López Viso, M., Rodríguez Pérez, R., Yáñez Calvino, M. (2009). *Xogando cos sons*. Ed.Xerais: Vigo.
- Contos variados.
- CD de cancións, sons...
- Material extraído da rede: vídeos, cancións, etc.
- Xoguetes variados para xogo simbólico.
- Bonecos de guiñol.
- Instrumentos musicais: triángulo, pandeireta, tambor, ...
- Lotos fonéticos, memory, Fonodil. ...
- Pictogramas ARASAAC.

5.2.4 TEMPORALIZACIÓN

O programa levarase a cabo a razón dunha sesión semanal en cadanseu grupo de Educación Infantil.

5.2.5 METODOLOXÍA

Na metodoloxía empregada terase como marco de referencia o **Decreto 150/2022 do 8 de Setembro**. Este otórgalle unha importancia fundamental ás

competencias clave, polo que este P.E.L.O. traballará especialmente as seguintes:

- *Competencia en comunicación lingüística*
- *Competencia en conciencia e expresións culturais*
- *Competencia persoal, social e de aprender a aprender*

Tal como se establece tamén nos **principios pedagóxicos**, potenciaráse un *ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e inclusión social*, e as actividades basearanse na *experimentación e o xogo*, sendo *estimulantes e de interese para o alumnado*.

É fundamental tamén garantir a accesibilidade tendo en conta o **Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)**, tal como establece a **LOMLOE (Lei 3/2020 do 29 de Decembro)**.

En base a estas premisas, propóñense as seguintes estratexias a ter en conta na posta en práctica do programa:

- Crear un clima de distensión, confianza e respecto no que levar a cabo as sesións.
- Ter presente o nivel evolutivo dos nenos e nenas.
- Adaptar o nivel de esixencia ás posibilidades do alumnado, tanto en dificultade da tarefa como no tempo para a súa execución.
- Utilizar distintas canles sensoriais
- Propoñer as actividades nunha orde crecente de dificultade.
- Proporcionar instrucións verbais claras e concisas, e comprobar que foron entendidas as consignas antes de empezar a tarefa.
- Estimular a espontaneidade.
- Manter a motivación dos alumnos e alumnas.
- Empregar reforzos positivos.
- Ter en conta os procesos e non só os resultados.

5.2.6 AVALIACIÓN

A avaliación forma parte indisoluble do proceso educativo, e no caso do P.E.L.O. ten unha importancia fundamental para detectar de xeito temperá distintas dificultades. Teranse en conta os **criterios de avaliación** establecidos no **Decreto 150/2022**, concretamente os da *área “Comunicación e representación da realidade”*, e pos suposto os obxectivos propostos para o

Programa.

A avaliación será **continua** co fin de ofrecer en cada momento a resposta que máis se adecúe ás necesidades dos alumnos, ao tempo que permita analizar os resultados obtidos a partir dos cales artellar as consecuentes propostas de mellora. Tamén se levará a cabo por suposto unha **avaliación inicial e final**. As **técnicas de avaliación** básicas serán a observación directa e sistemática, o análise das producións do alumnado e a información aportada polas familias, tal como se recolle no *Decreto 150/2022*. En canto aos **instrumentos de avaliación**, levarase a cabo un rexistro diario de cada sesión sobre o cal se realizará unha reflexión trimestral que se reflexará nun informe trimestral, e en momentos puntuais utilizaranse listas de control básicas.

Ante a observación de dificultades importantes en alumnado concreto, solicitarase unha **avaliación psicopedagóxica** por parte da xefa do DO e, de ser o caso, os **apoios ou reforzos** que se consideren oportunos.

5.3. PLAN XERAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

1- INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL.

Neste Plan Anual recóllese, entre outros aspectos, a previsión de actividades que se van realizar ao longo deste curso en torno a algunhas das conmemoracións que se establecen na **Orde do 20 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia**.

O **Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Centros**, establece que en todos os centros haberá un Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (AACCEE), que estará formado por un xefe-coordinador e todos os docentes que participen nas mencionadas actividades. Isto implica que a gran maioría do profesorado da escola formará parte do equipo e que, por tanto, debe informar ao xefe da súa programación de actividades para o curso, coa finalidade de coordinalas e organizalas para poder levalas a cabo cando corresponda e prever todos os materiais, espazos e medios que sexan precisos.

Por outra banda, na **Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de**

educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria indícase a diferenza entre os dous tipos de actividades:

- ✓ **Actividades complementarias:** son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así, cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes deberán figurar na programación xeral anual do centro. A participación do alumnado nelas é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra da localidade. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender aos alumnos que non participen nelas.
- ✓ **Actividades extraescolares:** son aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc., e figurando na programación xeral anual, realízanse fóra do horario lectivo, sendo a súa participación voluntaria. En ningún caso, o contido destas actividades pode ser igual ou similar aodun ensino oficial do currículo. Cando as actividades extraescolares sexan organizadas por entidades e deban realizarse dentro dos locais e instalacións do centro, haberá que respectar a normativa reguladora da utilización destes locais e instalacións. Para a realización das ditas actividades é preceptiva a presentación por parte da entidade que as propoña dunha memoria descritiva que incluírá, entre outras, a concreción do financiamento da actividade e a garantía da asunción plena da responsabilidade contractual respecto do persoal que a vai desenvolver. A dirección e realización de actividades extraescolares de formación física, deportiva ou danza, en calquera das súas variantes, estará sempre a cargo de persoal técnico cualificado que dispoña de titulación académica suficiente para impartir este tipo de ensinanza, de acordo coa súa normativa, ou que estea legal e suficientemente habilitado para tal efecto pola Administración competente.

Ámbolos dous tipos de actividades teñen en común os seguintes aspectos:

- ✓ Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na programación xeral anual, será necesario a súa aprobación polo equipo directivo, tralo informe favorable, de ser caso, do equipo destas actividades, dando conta ó Consello Escolar na reunión seguinte que se celebre. Cando estas actividades impliquen modificacións do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademais, a autorización do delegado.
- ✓ Non forman parte do currículo oficial e, en consecuencia, non son susceptibles de avaliación académica.
- ✓ Deben respectar os principios de voluntariedade para os alumnos, non discriminación e ausencia de lucro. Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ao currículo oficial.
- ✓ Para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares fóra da localidade, organizadas polo centro, requirirase a previa aprobación por parte do consello escolar, a autorización escrita dos pais dos alumnos participantes e un número suficiente de profesores nunha proporción mínima dun mestre ou mestra por cada unidade. Dita autorización poderá ser unha soa para todas aquelas que figuren na programación xeral anual.

2- COMPOÑENTES DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este equipo de traballo está formado polos seguintes membros do Claustro:

- Carolina Mourelos Vidal
- José Romero González
- Silvia Vázquez De la Iglesia
- María Dolores Vigo Fernández (Coordinadora)

3-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A citada Orde do 20 de maio de 2023, entre outros temas, recolle con carácter orientativo as as conmemoracións a celebrar nos centros e a súa correspondente temporalización. Por cuestións organizativas, este equipo de

traballo encargárase especificamente só dalgunha conmemoración. As demais quedan repartidas entre o EDLG e o Equipo de Biblioteca. Así se establece dende o equipo directivo de centro.

Este curso o Plan Anual versará en torno á conmemoración do 50 aniversario do noso colexio. As celebracións e actividades que se desenvolvan, intentarase que garden relación con esa temática.

As **actividades complementarias** sobre as que nos imos centrar son as que seguen:

- _ 20 e 21 de decembro de 2023: Nadal
- _ 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz
- _ 21 e 22 de xuño de 2024: Fin de curso.

Dentro do **Plan Proxecta**, o alumnado acudirá a charlas sobre hábitos de alimentación e saúde a cargo de persoal sanitario do centro médico de Muros.

Outras actividades a desenvolver serán as que se deriven de ofertas didácticas de asociacións, editoriais... que poidan ser de interese para o alumnado (previa consulta ao Claustro)

As cuestións de carácter loxístico tamén serán cometido deste equipo; tales como a realización de reservas, contratación de autobuses para os desprazamentos, comunicación ao Claustro de ofertas de actividades... Ditos trámites realizaranse cando a actividade a realizar non competa a ningún outro equipo de traballo ou titorías.

Ademais do indicado, está previsto realizar ao longo do curso **algunha saída didáctica co alumnado fóra do Concello**.

No referido ás **actividades extraescolares**, estas son organizadas pola ANPA e ocuparán o horario de tarde:

Luns: Inglés, de 16:00 a 17:30 horas.

Martes: Teatro, de 17:30 a 18:30 horas.

Mércores: loga, de 17:00 a 18:00 horas.

Xoves: Zumba, ás 16:30, 17:30 e 18:30 horas (rematando as actividades ás 19:30 horas).

O clube de Atletismo, sen ánimo de lucro, Serres Runners, fará tamén uso das instalacións do centro (patio exterior e baños) os xoves en horario de tarde trala autorización de inspección educativa.

Para o correcto desenvolvemento das actividades da ANPA mencionadas, teranse en conta as seguintes normas de acceso ao centro:

- A entrada do alumnado farase pola pasarela.
- A porta de entrada permanecerá aberta durante 5 minutos no cambio de actividade. Non se abrirá a porta unha vez comezada a mesma.
- O alumnado que asista ás actividades será acompañado á porta, tanto ao inicio coma ao remate das mesmas, polo monitor ou monitora correspondente.
- Non está permitido a entrada ao centro a familiares ou persoas alleas á actividade. Polo tanto, as persoas que veñen a acompañar ao alumnado terán que agardar fóra do recinto unha vez teñan entregados aos seus fillos/as. Poderán acceder novamente ao recinto á hora de recollida.

Ademais das actividades da ANPA, tamén se ofertará no centro os martes e mércores, de outubro a maio, a actividade de **biblioteca**, encargándose de dinamizala o profesorado do centro en horario de 16:30 a 18:30 horas. A normas de organización e funcionamento da actividade foron enviadas ás familias por *AbalarMóbil*.

Unha síntese das mesmas son:

- ✓ Aforo máximo de 10 alumnos/as.
- ✓ Duración de 60 minutos
- ✓ Por grupo (2 quendas: 16:30-17:30// 17:30- 18:30).
- ✓ O uso da biblioteca pola tarde será para traballo ou lectura en silencio. Os dispositivos electrónicos (tableta ou ordenador) empregaranse unicamente para traballo, non para xogo.
- ✓ O resto das normas de uso da biblioteca serán as mesmas que en horario lectivo.
- ✓ De ofrecerse outro tipo de actividade, haberá unhas normas establecidas para a mesma.
- ✓ O mestre/a de garda, será o encargado de recoller e acompañar ao alumnado á biblioteca. Ao finalizar a quenda de biblioteca será o/a docente o que acompañará ao alumnado á porta para a súa saída.
- ✓ No caso de que algún alumno/a saínte da biblioteca, vaia á actividade que comeza nese momento, deberá agardar co resto dos compañeiros/as

- ✓ Cando se entregue ao alumnado da biblioteca, verificarase por quen é recollido, e rexistrarse no libro habilitado para tal efecto.

A ANPA tamén ten previsto desenvolver, para o alumnado do centro, as seguintes actividades:

- . Unha Carreira en familia realizada polo alumnado, xunto con algún membro da súa familia.
- . Obradoiros diversos coa temática da Igualdade e unha obra de teatro.

Tamén este EAACCEE pretende levar a cabo outro tipo de actividades en horario de tarde enfocadas ás familias, estas son: charlas do **Plan director** coa temática “acoso nas redes” e **Escola de Familias** co obxectivo de facer obradoiros destinados á xestión emocional e á disciplina positiva.

4-OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

Actualmente, as competencias clave son a base, a guía e o obxecto de todos as ensinanzas que parten da escola. Dentro desas competencias, atopamos diferentes actitudes, capacidades e coñecementos necesarios para desenvolverse de maneira autónoma e propicia na vida escolar adulta. Esta cuestión implica que a aprendizaxe precisa de actividades prácticas baseadas no entorno, na vida real e en cuestións funcionais e significativas para o alumnado. Por este motivo, as actividades complementarias e extraescolares deben considerarse ferramentas indispensables para a adquisición das competencias clave e, en definitiva, dos obxectivos que perseguimos como docentes para/con o noso alumnado.

Para a programación de actividades complementarias e extraescolares do curso 2023-2024 establecéronse uns obxectivos xerais, cos que se presente contribuír ao desenvolvemento dunha ou varias competencias clave, tal e como se recolle no seguinte cadro:

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
Implicar activamente aos diferentes sectores da Comunidade Educativa nas diversas actividades propostas.	CSC

Relacionar as actividades complementarias propostas co traballo que se estea a realizar en cada unha das áreas curriculares nas distintas aulas do centro, e mesmo coa actividade cotiá no noso entorno.	CAA, CCL, CMCT
Fomentar a cultura tradicional propia de Galicia e do contorno no que vivimos.	CEC
Potenciar o traballo cooperativo entre o alumnado e o profesorado.	CSC, CAA, SIEE
Propiciar os valores de igualdade, solidariedade, colaboración e democracia.	CSC
Favorecer o fomento da creatividade.	CEC, SIEE
Empregar ferramentas e recursos atractivos e variados na preparación e posta en práctica das actividades.	CAA, SIEE
Facilitar o acceso a diverso material didáctico para os distintos niveis en formato dixital, soporte papel e expositivo.	CAA, CD, SIEE
Recadar información a partir de diversas fontes, empregándoa para construír coñecemento.	CAA, CD, CCL, CMCT, SIEE
Difundir no contorno as actividades realizadas.	CD
Aproveitar a vertente lúdica das actividades para motivar ao alumnado e despertar o seu interese.	CAA, CEC
Fomentar a inclusión do alumnado con NEAE no desenvolvemento das actividades propostas.	CSC

5- PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS CONMEMORACIÓNS A CELEBRAR NO CENTRO.

Neste punto preséntase unha previsión das actividades a realizar, ademais dos obxectivos, responsables, lugar de realización e temporalización de todo o proposto.

. Limpeza da praia de Parameán.

A- Obxectivos

- Participar na XII Limpeza Simultánea de Praias 2023 en colaboración con Adegas (Asociación para a defensa Ecolóxica de Galiza)
- Eliminar parte dos residuos que hai na praia.
- Concienciar ao alumnado sobre esta problemática ambiental.

B- Actividade

- Ir á praia de Parameán a recoller o lixo, realizar unha clasificación e un reconto do mesmo.

C- Responsable/s: Todo o equipo docente, Concello de Muros e Adegas.

D- Temporalización: 6 de outubro de 2023.

E- Lugar de realización: praia de Parameán.

. O Rastríño solidario

A- Obxectivos

- Fomentar valores solidarios e desenvolver actitudes propias dunha cidadanía activa e comprometida, tales como a solidariedade e o respecto ao medio ambiente.

B- Actividade

- No corredor do centro habilitarase un espazo para poñer os obxectos que se van vender. Ditos obxectos son doados polos mestres/as do centro e por particulares.

Os encargados de da venta serán os alumnos/as que asisten a Relixión.

Os cartos recadados enviaranse a *Cáritas Muros*.

C- Responsable/s: Mestra especialista en Relixión, que coordinará ao profesorado voluntario que queira participar.

D- Temporalización: 2ª quincena de novembro e mes de decembro de 2023.

E- Lugar de realización: corredor do centro.

. Charla de concienciación sobre o abandono e coidado responsable de animais de compañía.

A- Obxectivos

- Concienciar ao alumnado sobre o coidado responsable dos animais de compañía e sobre o seu abandono.
- Interactuar con cans.

B- Actividades

- Charlas sobre a temática xa indicada.
- En pequenos grupos, o alumnado poderá interactuar con cans da asociación.

C- Responsable/s: Todo o equipo docente e o persoal de XEA (Xestión Ética do Abandono).

D- Temporalización: semana do 18 ao 21 de decembro de 2023.

E- Lugar/es de realización: salón de actos e patio cuberto.

. O Nadal

A- Obxectivos

- Celebrar o final do primeiro trimestre e dar a benvida ao novo ano.
- Inaugurar o período vacacional.
- Colaborar con *Cáritas* (Muros) na recollida de alimentos.

B- Actividades

- Decorar as aulas e o corredor con motivos de Nadal.
- Recollida de alimentos en colaboración con *Cáritas* de Muros.
- Visionado de películas e curtas motivadoras para o alumnado.
- Decorar a árbore de Nadal do centro con distintos motivos.
- Confección de tarxetas de felicitación do Nadal.
- Mercadiño Solidario.
- Cartas aos *Reis Magos*.
- Visita das *SSMM os Reis Magos*.
- *As badaladas*.

C- Responsable/s: Todo o equipo docente e persoal do Departamento de Cultura do Concello de Muros.

D- Temporalización: semana do 18 ao 21 de decembro de 2023.

E- Lugar/es de realización: Aulas, corredor, biblioteca, salón de actos, Mercado de Muros...

. Día Escolar da non Violencia e da Paz

A- Obxectivos

- Reflexionar sobre o concepto de paz, outorgándolle un significado máis amplo que o de ausencia de guerra
- Concienciar ao alumnado sobre a importancia dunha convivencia baseada no respecto á diferenza.
- Identificar situacións de acoso, de violencia entre iguais...
- Aprender a poñerse no lugar doutra persoa, fomentando o diálogo e a escoita activa.
- Retomar o uso do Servizo de Mediación do centro.

B- Actividades

- *Que viva a Paz!* Partir do libro co mesmo nome para poder afondar nos seguintes aspectos:

- . *Que é a Paz?*
- . *Eu sinto Paz cando...*
- . *Como construímos a Paz?*

Por ciclos, realizar, en Primaria, un mural con cada un dos puntos anteriores. Os produtos finais expoñeranse no corredor.

- *As árbores da Paz.*

Realízanse dúas siluetas de árbore, unha para cada etapa educativa:

- . EI: *Quen me dá Paz?* Completarase a árbore coas imaxes das persoas que me aportan paz, benestar, tranquilidade...

- . EP: *Que me dá Paz?* Neste lugar íranse poñendo aquelas palabras e/ou imaxes que favorecen a paz individual (por exemplo: *perdón, por favor, amabilidade, quérote!...*)

- Visionado de vídeos relacionados coa non violencia (cooperación, solidariedade, empatía...)
- Exposición no corredor dos fondos bibliográficos que tratan esta temática, para poder desfrutar dos mesmos nas aulas.
- O conxunto das actividades do Servizo de Mediación está pendente de incluír no Plan de Mediación. Porén, o obxectivo de todas elas será a posta en marcha do Servizo de Mediación Escolar e a súa difusión entre todos os membros da comunidade educativa.
- Actividades propostas polo Centro de Información á Muller (CIM) de Muros.

C- Responsable/s: Todo o equipo docente.

D- Temporalización: Semana do 29 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2024.

E- Lugar/es de realización: Aulas, corredor, biblioteca...

. **Campaña Solidaria de recollida de roupa e calzado usado en colaboración coa asociación *Mariola*.**

A- Obxectivos

- Colaborar na campaña de recollida solidaria de roupa e calzado usados organizada por dita asociación.

B- Actividades

- Recollida no centro de roupa e calzado

C- Responsable/s: Todo o equipo docente.

D- Temporalización: mes de marzo

E- Lugar/es de realización: Habilitarase un espazo no centro para depositar as bolsas que conteñan a roupa e o calzado.

. Visita guiada polo conxunto histórico da Vila de Muros.

A- Obxectivos

- Coñecer a historia da nosa Vila.
- Sensibilizar ao alumnado no coidado e valoración das manifestacións históricas.

B- Actividades

- Percorrido polo casco antigo da vila.

C- Responsable/s: Todo o equipo docente e persoal do Concello do Departamento de Cultura.

D- Temporalización: sen determinar.

E- Lugar de realización: casco antigo da Vila de Muros.

. Visita guiada aos muíños do Río Rateira en Abelleira.

A- Obxectivos

- Coñecer de cerca parte dos muíños de río que hai no noso Concello.
- Tomar contacto cos recursos naturais da contorna próxima.
- Coñecer o papel fundamental que tiveron os muíños de río na vida da xente de Abelleira.

B- Actividades

- Visita aos muíños de río de Abelleira.

C- Responsable/s: Todo o equipo docente e persoal do Concello do Departamento de Cultura.

D- Temporalización: sen determinar.

E- Lugar de realización: Muíños do Río Rateira en Abelleira.

. Fin de curso.

A- Obxectivos

- Celebrar o remate do curso escolar.
- Dar a benvinda ás vacacións do verán.
- Despedir ao alumnado que cambia de etapa educativa.

B- Actividades

- *Festa da auga.* Contando coa participación dos GES do Concello, co alumnado dividido en EI e EP, celebraremos a festa da auga. Esta complementarase co uso de globos de auga e, de ser posible, con espuma.

- *Graduación.* No salón de actos, o grupo de 6º de E.I. e de 6º de E.P. recibirá un diploma como símbolo da finalización de etapa.

C- Responsable/s: Todo o equipo docente

D- Temporalización: Última semana de curso

E- Lugar/es de realización: Aulas, salón de actos e patio do centro.

Ademais das conmemoracións citadas anteriormente, poderán desenvolverse ao longo do curso outras actividades complementarias, tal e como se indicou no punto 3 desta programación. Tampouco se obviar á colaboración coa Comunidade de Montes de Esteiro e a oferta cultural do Concello.

Da mesma maneira, tamén se realizarán diversas actividades complementarias durante o curso para o fomento da lectura en coordinación co Equipo da Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Respecto ás **saídas**, xa recollidas no 3º punto deste documento, tamén se prevé a realización de **saídas didácticas co alumnado fóra do Concello e dentro do mesmo** para desenvolver actividades relacionadas co tema anual de centro: Conmemoración do 50 aniversario do noso colexio. Sobre todas elas informarase ás familias e reflectirase na memoria final deste plan.

6- RECURSOS

Para levar a cabo algunhas das actividades expostas anteriormente precisarase materiais que se poden prever de antemán, aínda que tamén outros que se detallarán unha vez se organicen as diferentes actividades, posto que precisarán de recursos máis concretos e puntuais. Neste apartado, por tanto, incluíranse aqueles de carácter xeral que se empregarán na meirande parte das actividades, dividíndoos en recursos humanos e institucionais, organizativos, espaciais e materiais.

a) Recursos humanos e institucionais

- Alumnado, como destinatario final das actividades que se realizan e protagonista destas.
- Profesorado do centro, organizado en pequeno ou gran grupo segundo os requirimentos de cada actividade.
- Familias e ANPA, como organizadores, participantes ou animadores dalgunhas actividades.

- Persoal non docente do centro: conserxe, persoal de limpeza, auxiliar educativa... colaborando no necesario dentro das súas funcións.
- Concello, como promotor, organizador e colaborador nalgunhas das actividades.
- Outras entidades, que colaboren ou promovan propostas coma concursos, certames....

b) Recursos organizativos

- Equipos de ciclo.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Equipo da Biblioteca Escolar.
- Equipo TIC.
- Departamento de Orientación.
- ANPA.
- Concello.
- Outras entidades.

c) Recursos materiais e espaciais

- Material funxible proporcionado polo centro e/ou familias: cartolinas, folios, cola, útiles de escritura, material impreso, etc.
- Transporte naquelas actividades que precisen desprazamento.
- Biblioteca escolar e material bibliográfico.
- Recursos TIC.
- Materiais propios de cada actividade aportados polas familias segundo sexa o caso.
- Dependencias do centro en xeral (patio, salón de actos, aulas, etc.)

7- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A clave do éxito en calquera proposta de actividade educativa é a súa avaliación inicial, continua e final, pois dela derivará a reflexión que preceda aos cambios para establecer modificacións e melloras en base ás necesidades xurdidas ou aos déficits no seu desenvolvemento. Desta maneira, as diferentes

actividades que se leven a cabo serán avaliadas durante a súa realización e terase en conta a valoración do Claustro e do alumnado.

Trimestralmente exporase no taboleiro da sala de profesores un organigrama das actividades previstas, no que cada equipo do centro poida incluír as súas propostas. O devandito gráfico servirá de consulta e organización para todo o profesorado co fin de ter o máis presentes posibles as datas propostas e tratar de relacionar a actividade concreta cos diversos centros de interese que se estean manexando nas aulas.

En datas próximas á realización dunha actividade, concretaranse as propostas e organización da actividade.

Posteriormente á realización de cada actividade levarase a cabo unha valoración de cada unha delas tendo en conta os seguintes aspectos que se empregarán a modo de indicadores:

- ✓ Adecuación da proposta.
- ✓ Contribución da actividade á adquisición das competencias clave.
- ✓ Inclusión da actividade no marco curricular de cada nivel.
- ✓ Participación do alumnado.
- ✓ Colaboración das familias.
- ✓ Organización do persoal docente.
- ✓ Participación do persoal non docente.
- ✓ Organización e previsión dos recursos.
- ✓ Adecuación da temporalización da actividade.
- ✓ Atención á diversidade e inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) na actividade.
- ✓ Dificultades atopadas.
- ✓ Propostas de mellora.

Todas estas cuestións serán reflectidas na memoria final desta programación coa finalidade de reflexionar sobre todo o traballo realizado e propor alternativas, melloras ou modificacións a ter en conta no seguinte curso escolar.

5.4. **PLAN DE FOMENTO DA DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

No noso colexio, o galego é a lingua utilizada habitualmente para a comunicación, tanto oral como escrita, entre o profesorado, o alumnado e na maioría dos escritos oficiais que saen do centro.

Pola súa parte, o Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega (EDLG) do noso centro ten unha labor destacada no mesmo, aplicando esforzos para a consecución de obxectivos como:

- Valorar positivamente a riqueza lingüística e cultural.
- Dar a coñecer a variedade estándar da lingua galega sen esquecer os trazos propios da zona dialectal.
- Amosar a diversidade de usos sociais do idioma en diferentes ámbitos (cine, deporte, cultura, ...).
- Mellorar a competencia lingüística, tanto oral como escrita, en galego do alumnado.
- Incrementar o léxico en galego, ademais do vocabulario específico das distintas áreas.
- Promover o uso natural do galego entre os máis pequenos.
- Espertar o gusto e a curiosidade pola tradición oral popular.
- Recoller e transcribir relatos, ditos, refráns, ... de tradición oral.
- Coñecer e transmitir crenzas e tradicións autóctonas (lendas, festas, xogos e xoguetes, cancións, ...).
- Elaborar propostas de actividades para a conmemoración de festividades así e datas que promovan a difusión do galego e da realidade sociocultural galega (Samaín e Magosto, Día de Rosalía de Castro, Entroido, Semana das Letras Galegas e Día das artes galegas).
- Poñer a disposición do profesorado os materiais necesarios para desenvolveren as nosas propostas e as súas propias, como listaxes de lecturas, guías, manuais ou propostas de actividades, entre outros.
- Colaborar con outros proxectos e equipos do centro, da comunidade educativa e do concello.

COMPOÑENTES DO EDNLG

O EDLG está constituído polos seguintes membros do Claustro:

- M^a Dolores Pérez Castaño
- M^a do Carme Hermo Gómez
- Lara Segade Fernández (coordinadora)
- M^o Luisa de Simón Rúa

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

A continuación preséntase a previsión de actividades a realizar durante este curso promovidas dende o EDLG.

Recuperando tradicións (Samaín -31 de outubro- e Magosto -2 de novembro-). Para o magosto, o día 2 de novembro, solicitarase a colaboración da agrupación local *Agrocovo* (gaiteiros/as e pandereteiros/as) para que actúen no centro despois do recreo, así como de alguén (a través da ANPA) que se encargue de asar as castañas, que os nenos poderán degustar durante a actuación. Aproveitarase a temática do 50 aniversario do centro (proxecto anual do colexio para este curso) para recompilar fotografías da celebración do magosto doutros anos, xa que levaba sen festexarse varios cursos no colexio e este ano decidiuse recuperar a tradición. As fotografías atopadas expoñeranse á comunidade educativa. O EDLG compartirá co profesorado unha serie de rimas e ditos populares relacionados co magosto, como recurso recomendado para a data, animándoo a compartilo cos nenos e nenas.

En canto ao Samaín, durante o mes de Outubro, no taboleiro do EDLG, animarase ao alumnado do centro a inventar historias de terror en galego e gravalas na radio (as integrantes do equipo xestionarán a gravación e montaxe dos “podcast”). Solicitarase tamén que cada aula decore as portas e corredores con elementos terroríficos, e dende o EDLG se contribuirá a ambientar o centro para a data. Manterase tamén a tradición do colexio de organizar unha exposición de cabazas de Samaín feitas polo alumnado en colaboración cas familias (o alumnado traerá as cabazas entre o luns 30 e o martes 31), e de animar ao alumnado a que acoda ao centro disfrazado para a celebración (o 31 de outubro).

Así mesmo, o día 31, o alumnado comerá castañas asadas. Haberá un grupo de familias encargadas de colaborar co centro en asar as castañas.

- **Entroido (9 de Febreiro).** O equipo encargárase de elaborar os “mandadiños” do Meco (que neste caso é “Miguiña”, a mascota da biblioteca do centro) que se levarán a cabo do 5 ao 8 de Febreiro. O último día antes das vacacións do Entroido (9 de Febreiro) organizarase un acto a nivel de centro, que se debe planificar e detallar no claustro (decidir se a comunidade educativa se disfraza libremente ou se seguimos unha liña temática concreta, se se fai un desfile e/ou actuacións, se se abre o centro ás familias...). Unha vez concretado o acto a nivel de claustro, o equipo será o encargado de organizalo xunto co equipo directivo.

A maiores, rotaremos polas aulas un xogo de cartas chamado “O Estoupa”, proporcionado pola plataforma “*somosxogo.gal*”, que achega ao alumnado do centro ás personaxes tradicionais do entroido de diferentes zonas de Galicia.

- **Día de Rosalía (23 de febreiro).** O EDLG aportará material adaptado aos diferentes niveis sobre a vida e obra de Rosalía. O taboleiro de dinamización encherase de información e motivos acordes á data.
- **Día das artes galegas (2 de abril).** Dende o EDLG se achegará material informativo ás aulas sobre o escultor homenaxeado Francisco Asorey, cunha pequena proposta didáctica de actividades relacionadas co mesmo.
- **Semana das letras galegas (13-16 de Maio).** Ao tratarse dunha actividade de gran importancia e que se celebrará a nivel de centro, dende o equipo de Dinamización achéganse varias propostas. Por unha banda, aportarase información sobre a vida e obra da autora homenaxeada (Luisa Villalta). Ademais, aproveitando o proxecto anual (50 anos do CEIP Ricardo Tobío), solicitaremos ao alumnado que faga unha pequena investigación sobre cando comezou a celebrarse o Día das Letras Galegas e por qué, implicando ás familias (por exemplo, poden preguntar aos seus familiares se no colexio estudaban e falaban en galego ou en castelán, se recordan a celebración do Día das Letras Galegas...). Animarase ao alumnado a recompilar esa información en diferentes formatos (*podcast* na radio, producións audiovisuais, producións escritas...) e organizarase un xogo dende o EDLG para que o alumnado responda a diversas preguntas sobre a orixe do Día das Letras Galegas e sobre a autora homenaxeada.

A maiores, para a semana das Letras Galegas, solicitaremos a visita da agrupación “Erre que erre, regueifa rabuda” para impartir un obradoiro ao alumnado de creación de regueifas.

- Outras actividades:
 - **Colaboración coa asociación de Carrilanas de Esteiro.**
 - Participación no **concurso de carteis “Muros Mira ao Mar”** organizado polo Concello de Muros.
 - **Contacontos e espectáculos musicais en galego.**
 - **Gravación de documentais/vídeos en galego** sobre temáticas diversas.

5.5. PLAN DE TRABALLO DA PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

A **persoa coordinadora de benestar e convivencia no centro**, designada pola dirección do centro durante un período de dous anos, será a Xefa do Departamento de Orientación. Esta persoa será a encargada de levar a cabo, baixo a supervisión da dirección do centro, as funcións establecidas no artigo 3 da *Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia* establece.

Durante o presente curso académico, as actuacións levadas a cabo pola persoa coordinadora de benestar e convivencia enmarcaranse dentro dos seguintes ámbitos de actuación:

1. Organización e planificación.
2. Acción titorial.
3. Convivencia.
4. Mediación escolar.
5. Educación emocional.
6. Inclusión e atención á diversidade.
7. Promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.
8. Educación dixital.
9. Protección da infancia.
10. Acolida do alumnado de nova incorporación ao centro.
11. Cambio de etapa.

12. Familias.

13. Axentes externos.

14. Seguimento e avaliación.

A continuación recóllense estes **ámbitos de intervención** e, para cada un deles, os **obxectivos específicos** que se pretenden acadar durante o presente curso académico. Así mesmo, concrépanse as **accións** enfocadas ao logro destes obxectivos e a súa **temporalización**. Finalmente, especificanse os **indicadores de logro** que permitirán avaliar o nivel de consecución dos obxectivos establecidos.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	1. ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinar o <i>plan de convivencia</i> e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia. - Manter actualizado o <i>plan de traballo de benestar e convivencia</i>, incluído dentro do <i>plan de convivencia</i> do centro, concretando na PXA, as accións previstas para o curso, a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> - Actualización e dinamización do <i>plan de convivencia</i>. - Elaboración do <i>plan de traballo de benestar e convivencia</i> e da súa concreción anual.
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - 1º trimestre.
PERSOAS RESPONSABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Persoa coordinadora de benestar e convivencia. - Equipo directivo e Comisión de convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboreuse coa comisión de convivencia na actualización e dinamización do <i>plan de convivencia</i>. - Actualizouse o <i>plan de traballo de benestar e convivencia</i> e elaborouse a súa concreción anual, recollendo as accións previstas, temporalización e indicadores de logro.

ÁMBITO DE	2. ACCIÓN TITORIAL
-----------	--------------------

INTERVENCIÓN	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos entre o alumnado. - Promover dende a titoría valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz. - Promover no centro unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> - Incorporación no <i>Plan de acción titorial</i> e tratar de forma transversal ao longo das distintas materias, contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo. - Desenvolvemento, dende as titorías, de actuacións que promovan valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz. - Desenvolvemento de actuacións recollidas no <i>Plan de actividades físicas e hábitos saudables</i>, para promover no alumnado, especialmente no máis vulnerable, hábitos de alimentación saudables.
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo do curso.
PERSOAS RESPONSABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado titor e demais profesorado especialista. - Departamento de orientación/Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> - Incorporáronse no <i>Plan de acción titorial</i> contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo, e foron traballados de forma transversal ao longo das distintas materias . - Desenvolvéronse dende as titorías actuacións promovedoras de valores democráticos de convivencia, negociación, diálogo e cultura de paz.

	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvéronse as actuación recollidas no <i>Plan de actividades físicas e hábitos saudables</i>, para promover no alumnado, especialmente no máis vulnerable, hábitos de alimentación saudables.
--	--

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	3. CONVIVENCIA
OBJECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Detectar de forma temperá dificultades de convivencia e de relación que teñan lugar no centro. - Promover un clima de convivencia positivo e a resolución pacífica de conflitos.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicación de <i>sociogramas</i>, por parte do Departamento de orientación, para coñecer as relacións existentes entre o alumnado de cada grupo – clase e detectar posibles conflitos nas relacións sociais ou de traballo. - Desenvolvemento de <i>Programas de Habilidades Sociais</i>, por parte do Departamento de Orientación, naquelas aulas nas que se detecten problemas de convivencia. - Desenvolvemento das actuación recollidas no <i>Plan de convivencia</i>, destinadas á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos.
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Sociogramas</i>: ao longo do 1º trimestre de curso. - <i>Programas de Habilidades Sociais</i>: ao longo do curso, no momento en se produzan problemas na convivencia.
PERSOAS RESPONSABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicáronse <i>sociogramas</i> para coñecer as relacións sociais e de traballo existentes entre o alumnado de cada grupo – clase. - Desenvolvéronse <i>Programas de Habilidades Sociais</i> nas aulas nas que se detectaron problemas de

	<p>convivencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicáronse actuación recollidas no <i>Plan de convivencia</i>, destinadas á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos
--	--

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	4. MEDIACIÓN
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar un clima positivo de aula e centro. - Ofrecer ao alumnado formación en materia de xestión e resolución pacífica de conflitos. - Promover a adquisición de habilidades de interacción social. - Mellorar as competencias sociais e cívicas no alumnado.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> - Formación dun <i>Equipo coordinador da mediación escolar</i> (composto por profesorado do centro) encargado da posta en marcha do <i>Servizo de Mediación Escolar</i>, manténdoo activo e efectivo a través de sesións periódicas de coordinación, seguimento e avaliación. - Revisión e actualización de documentos: <i>Protocolo de Mediación Escolar</i>. - Desenvolvemento dun <i>Programa de formación para a posta en marcha do servizo de mediación escolar</i> co alumnado de 5º de Educación Primaria, a través de obradoiros impartidos pola equipa de Comflúe. - Posta en marcha do <i>Servizo de Mediación escolar</i> contando co alumnado mediador de 6º de Educación Primaria. - <i>Campaña de difusión do Servizo de Mediación escolar</i>, para dar a coñecer o mesmo e os servizos que ofrece, ao alumnado, profesorado e familias. - Visita do alumnado mediador a outros centros educativos nos que está en marcha o servizo de

	<p>mediación, para o intercambio de experiencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación do proceso de formación de mediadores/as e do funcionamento do Servizo de mediación.
<p>TEMPORALIZACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Todas estas accións serán desenvoltas durante o 1º trimestre, a excepción da avaliación que terá lugar ao final do curso académico. - O funcionamento do Servizo de mediación escolar estenderase ao longo do curso.
<p>PERSOAS RESPONSABLES</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo de Mediación Escolar (formado polo profesorado). - Alumnado mediador do 6º curso. - Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
<p>INDICADORES DE LOGRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Formouse un <i>Equipo coordinador da mediación escolar</i> (composto por profesorado do centro) que se encargou da posta en marcha do <i>Servizo de Mediación Escolar</i> e de mantelo activo e efectivo a través de sesións periódicas de coordinación, seguimento e avaliación. - Levouse a cabo unha revisión e actualización dos documentos que constitúen o <i>Protocolo de Mediación</i>. - Desenvolveuse o dun <i>Programa de formación para a posta en marcha do servizo de mediación escolar</i> co alumnado de 5º de Educación Primaria e seleccionáronse as persoas mediadoras entre o alumnado voluntario. - Púxose en marcha o <i>Servizo de Mediación</i> escolar contando co alumnado mediador de 6º de Primaria. - Desenvolveuse unha <i>campaña de difusión do Servizo de Mediación escolar</i>, para dar a coñecer o mesmo e os servizos que ofrece, ao alumnado, profesorado e familias. - Realizáronse visitas do alumnado mediador a outros centros educativos nos que está en marcha o servizo

	<p>de mediación, para o intercambio de experiencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realízase unha avaliación do proceso de formación de mediadores/as e do funcionamento do Servizo de mediación, formulando propostas de mellora de cara o vindeiro curso.
--	---

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	5. EDUCACIÓN EMOCIONAL
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Promover o desenvolvemento da Competencia Emocional (persoal e social) do alumnado, capacitándoo para afrontar, de forma satisfactoria, os retos da vida cotiá. - Mellorar o benestar emocional persoal e social dos distintos membros da comunidade educativa. - Potenciar o recoñecemento e comprensión das emocións propias e alleas (empatía) e a súa expresión. - Favorecer a adquisición de estratexias de autocontrol emocional (autoestima, confianza, tolerancia á frustración, adaptación, optimismo e orientación ao logro). - Potenciar o desenvolvemento de habilidades de relación interpersonal e comunicación positiva. - Promover a adquisición de estratexias de resolución pacífica de conflitos e unha conduta asertiva. - Implicar ao profesorado na formación en educación emocional.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de <i>Obradoiros de habilidades socioemocionais</i> (impartidos por profesionais externos ao centro) dirixidos ao alumnado de 3º de Educación Primaria, para o traballo da identificación e xestión emocional.

	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de <i>Obradoiros de habilidades socioemocionais</i> (impartidos por profesionais externos ao centro) dirixidos ao alumnado de 4º de Educación Primaria, para o fomento da resolución pacífica de conflitos e a comunicación asertiva. - Desenvolvemento de charlas (impartidas por profesionais externos ao centro), destinadas ás familias, sobre a xestión do benestar emocional do alumnado. - Creación de materiais destinados ao traballo da educación emocional co alumnado.
<p>TEMPORALIZACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Obradoiros e charlas: ao longo do 2º trimestre. - Elaboración e uso de materiais: ao longo do curso.
<p>PERSOAS RESPONSABLES</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia. - Profesorado titor e especialista. - ANPA Ricardo Tobío.
<p>INDICADORES DE LOGRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvéronse <i>Obradoiros de habilidades socioemocionais</i> co alumnado de 3º de Educación Primaria, nos que se traballou, por unha banda, o recoñecemento e comprensión das emocións propias e alleas (empatía) e a súa expresión, e, por outra banda, estratexias de autocontrol emocional (autoestima, confianza, tolerancia á frustración, adaptación, optimismo e orientación ao logro). - Desenvolvéronse <i>Obradoiros de habilidades socioemocionais</i> co alumnado de 4º de Educación Primaria, nos que se traballaron habilidades de relación interpersonal e comunicación asertiva e estratexias de resolución pacífica de conflitos. - Realizáronse charlas destinadas ás familias nas que se abordaron estratexias de xestión emocional para aplicar cos seus fillos/as. - O profesorado implicouse na aplicación de materiais

	destinados ao desenvolvemento da competencia socio - emocional co alumnado.
--	---

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	6. INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar actitudes de respecto cara o alumnado con NEAE, valorando a diversidade como fonte de riqueza. - Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver as actuacións recollidas no <i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>, para promover a inclusión de todo o alumnado, especialmente do alumnado con NEAE. - Mellora e acondicionamento dos espazos do patio e as dinámicas desenvoltas durante os recreos, contribuíndo ao mantemento dun patio inclusivo e dinámico.
TEMPORALIZACIÓN	- Ao longo do curso.
PERSOAS RESPONSABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado titor e especialista. - Departamento de orientación. - Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvéronse as actuacións recollidas no <i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>, para promover a inclusión de todo o alumnado, especialmente do alumnado con NEAE. - Levouse a cabo unha mellora e acondicionamento dos espazos do patio e fíxose un seguimento das dinámicas desenvoltas durante os recreos, contribuíndo ao mantemento dun patio inclusivo.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	7. PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO
------------------------	---

<p>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Promover a igualdade e a prevención da violencia de xénero, poñendo o foco na afectividade, na resolución pacífica de conflitos e na saúde e deporte como factores preventivos. - Abordar a educación afectivo-sexual, a promoción da igualdade e prevención de todo tipo de violencias. - Crear espazos de reflexión e análise sobre os propios estereotipos asociados ao xénero, a corresponsabilidade e a educación afectivo-sexual. - Promover actividades deportivas saudables como factores preventivos de mellora do clima de convivencia no entorno e da saúde persoal e social, coñecendo referentes femininos.
<p>ACCIÓNS</p>	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Obradoiro de sexualidade e afecto</i> impartido por profesionais externos ao centro, destinado ao alumnado de 5º e 6º de primaria, para abordar os cambios na pubertade, a diversidade afectiva e a aceptación, respecto e saúde menstrual. - <i>Contacontos pola igualdade e a diversidade “Rosa e Azul”</i> destinado ao alumnado de educación infantil, da man de Victoria Pérez e Manu Fernández, de Urdime. - <i>Espectáculo de narración oral “Elas”</i>, destinado ao alumnado de educación primaria, a cargo de Vero Rilo de Cooperactiva. - Actividade deportiva <i>“Minimarathón Katherine Switzer”</i>, organizada pola ANPA (en colaboración co centro e outras asociacións e entidades da zona), destinada a todos os membros da comunidade educativa para loitar en contra da violencia de xénero, poñendo o foco na saúde e actividade física como factor preventivo. - Difusión dunha <i>Guía de conceptos básicos sobre igualdade</i>, elaborada pola ANPA (en colaboración con profesionais externos).

	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento das actuacións recollidas no <i>Plan de igualdade do centro</i>, para promover a igualdade e a prevención da violencia de xénero.
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Obradoiros desenvolto ao longo do 1º trimestre: <ul style="list-style-type: none"> o Obradoiro de sexualidade e afecto. o Contacontos “Rosa e Azul”: 6 de novembro. o Espectáculo de narración oral “Elas”: 26 de outubro. o “Minimarathón Katherine Switzer” organizada pola ANPA: 24 de novembro
PERSOAS RESPONSABLES	<ul style="list-style-type: none"> - ANPA Ricardo Tobío. - Profesorado do centro. - Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> - Levouse a cabo o <i>Obradoiro de sexualidade e afecto</i>, abordando co alumnado de 5º e 6º de primaria os cambios na puberdade, diversidade afectiva, aceptación, respecto e saúde menstrual. - Traballouse a diversidade e estereotipos de xénero co alumnado de Educación Infantil a través do contacontos. - Promoveuse a igualdade efectiva co alumnado de Educación Primaria co espectáculo de narración oral. - Levouse a cabo unha actividade deportiva (maratón) a través da cal se promoveu igualdade e a prevención da violencia de xénero, poñendo o foco na saúde e deporte como factores preventivos. - Desenvolvéronse actuacións recollidas no <i>Plan de igualdade do centro</i>, para promover a igualdade e a prevención da violencia de xénero.
ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	8. EDUCACIÓN DIXITAL
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Preparar ao alumnado para afrontar a transformación

ESPECÍFICOS	<p>dixital da sociedade actual, adoptando patróns de relación respectuosos cos dereitos de todas as persoas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fomentar un uso seguro dos múltiples contextos virtuais de aprendizaxe e relación social.
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> - Participación no <i>Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas</i>, desenvolto polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, que se concretará a través de: <ol style="list-style-type: none"> <i>Charlas sobre ciberseguridade, destinadas ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria</i> <i>Charlas sobre ciberseguridade, destinadas ás familias de todo o alumnado.</i>
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Durante o 1º trimestre.
PERSOAS RESPONSABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo directivo. - Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado participou en charlas sobre ciberseguridade nas que se abordaron estratexias para un uso seguro dos contextos virtuais de aprendizaxe e relación social. - As familias participaron en charlas sobre ciberseguridade nas que se expuxeron os riscos derivados do uso da rede aos que están expostos os seus fillos/as e estratexias para minimizalos.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	9. PROTECCIÓN DA INFANCIA
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Establecer unha persoa de referencia á que os distintos membros da comunidade educativa poidan acudir ante posibles casos de violencia no centro ou na contorna.

	<ul style="list-style-type: none"> - Ofrecer información sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na localidade ou comunidade autónoma. - Promover un ambiente de seguridade e protección no que o alumnado se sinta seguro, especialmente ante situacións que supoñan un risco. - Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia. - Promover a adquisición, no alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia. - Previr situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais do alumnado.
<p>ACCIÓNS</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Presentación da persoa responsable da convivencia ante os distintos membros da comunidade educativa como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na contorna, establecendo canles seguras a través das cales realizar estas comunicacións (caixa do correo, departamento de orientación ...). - Traslado de información ao profesorado sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na localidade ou comunidade. - Comunicación inmediata, por parte do centro, ás forzas e corpos de seguridade do Estado, de situacións que supoñan un risco para a seguridade do alumnado. - Promoción de plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia. - Realización de actividades coas que se contribúa ao

	<p>desenvolvemento de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - De ser o caso, comunicación inmediata, á Axencia Española de Protección de Datos (con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería de educación), de calquera situación que poida implicar un tratamento ilegal de datos persoais.
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo do curso.
PERSOAS RESPONSABLES	<ul style="list-style-type: none"> - Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> - Presentouse a persoa responsable da convivencia ante os distintos membros da comunidade educativa como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia, establecendo canles seguras a través das cales realizar estas comunicacións (caixa do correo, departamento de orientación). - Trasládouse información ao profesorado sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia. - Comunicouse de forma inmediata, ás forzas e corpos de seguridade do Estado, de situacións que supoñan un risco para a seguridade do alumnado. - Promovéronse plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia. - Realizáronse actividades para desenvolver habilidades de detección e resposta a situacións de violencia.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	10.ACOLLIDA DO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN AO CENTRO
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitar o tránsito e a adaptación progresiva a un novo espazo de convivencia con novas relacións

	<p>sociais e cunha organización diferente.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Diminuír a tensión, medo, angustia e ansiedade que poida xerar o cambio de situación, creando un clima de convivencia no que o alumno/a se sinta seguro e protexido. - Favorecer a creación de vínculos afectivos cos novos compañeiros/as. - Establecer liñas de colaboración coas familias, informaldas e implicalas no período de adaptación. - Facilitar o coñecemento do centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, favorecendo a integración na dinámica de traballo.
<p>ACCIÓNS</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicación das actuacións recollidas no <i>plan de acollida do alumnado que se incorpora á etapa de Educación Infantil</i> (visita ao centro, información ás familias, período de adaptación, etc). - Aplicación das actuacións recollidas no <i>plan de acollida</i> no momento da chegada ao centro de <i>alumnado de nova incorporación procedente de outros centros ou procedente do estranxeiro</i>. - Desenvolvemento de actividades de coñecemento e cohesión de grupo dentro de cada aula.
<p>TEMPORALIZACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo do curso: <ul style="list-style-type: none"> o Ao comezo do curso, dentro de todos os grupos – clase. o En calquera momento do curso, cando se incorpore alumnado novo procedente doutro centro ou do estranxeiro. o A finais de curso para o alumnado que se incorporará á etapa de Educación Infantil o curso seguinte. o No momento da incorporación de novo profesorado ao centro.
<p>PERSOAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo docente que imparte docencia a cada grupo,

RESPONSABLES	<p>en especial o profesorado titor.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Departamento de orientación. - Persoa coordinadora de benestar e convivencia
INDICADORES DE LOGRO	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicáronse as actuacións recollidas no <i>plan de acollida do alumnado de Educación Infantil</i>. - Aplicáronse as actuacións recollidas no <i>plan de acollida do alumnado de nova incorporación</i> procedente de outros centros ou procedente do estranxeiro. - Aplicáronse dinámicas de coñecemento e cohesión de grupo para favorecer a creación de vínculos afectivos fortes entre o alumnado. - Establecéronse liñas de colaboración coas familias, informándoas e implicándoas no período de adaptación. - Facilitouse o coñecemento do centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, favorecendo a integración na dinámica de traballo

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	11.CAMBIO DE ETAPA
OBJECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitar o tránsito da etapa de educación primaria á de secundaria, acompañando ao alumnado na xestión emocional dun momento decisivo de cambio e incerteza.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicación das actuacións recollidas no <i>Programa de preparación para a ESO</i> recollido no Plan de orientación (visita ao centro, información ao alumnado e familias...). - Xornada de convivencia do alumnado de 6º de educación primaria co alumnado de 6º que formará parte do mesmo grupo-clase na ESO, na que se desenvolverán actividades de coñecemento e

	cohesión de grupo.
TEMPORALIZACIÓN	- A finais de curso (3º trimestre).
PERSOAS RESPONSABLES	- Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia. - Profesorado titor.
INDICADORES DE LOGRO	- Realizáronse actuacións co alumnado de 6º de educación primaria, que facilitaron o tránsito da etapa de educación primaria á de secundaria, aportando seguridade nun momento decisivo de cambio e incerteza.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	12.FAMILIAS
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	- Promover, en coordinación coa ANPA, plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia, dirixidos ás familias. - Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.
ACCIONES	- Obradoiros promovidos dende a ANPA e destinados ás familias e profesorado, nos que se abordarán contidos relacionados coa alfabetización emocional, escoita activa, regulación emocional, socialización en función do xénero e acompañamento nos cambios da adolescencia.
TEMPORALIZACIÓN	- Durante o 1º trimestre do curso.
PERSOAS RESPONSABLES	- ANPA Ricardo Tobío. - Profesorado titor e especialista. - Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	- Desenvolvéronse actuacións dirixidas ás familias, encamiñadas á formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	13.AXENTES EXTERNOS
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, sen prexuízo do deber de comunicación, ás autoridades correspondentes, nos casos legalmente previstos.
ACCIÓNS	- Reunións de coordinación cos servizos sociais, para a abordaxe dos casos que requiran a súa intervención.
TEMPORALIZACIÓN	- Ao longo do curso.
PERSOAS RESPONSABLES	- Departamento de orientación/ Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	- Estableceuse unha coordinación cos servizos sociais para abordar os casos que requiriron a súa intervención.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	14.SEGUIENTO E AVALIACIÓN
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	- Facer un seguimento das actuacións previstas dentro do <i>Plan de mellora do benestar e convivencia</i> , valorando o seu desenvolvemento e o grado en que contribuíron ao logro dos obxectivos establecidos. - Avaliar as actuacións desenvoltas ao longo do curso con relación á mellora do benestar e convivencia, formulando propostas de mellora de cara o vindeiro curso.
ACCIÓNS	- Deseño e aplicación de escalas de control e listas de cotexo para a valoración do grado de satisfacción das persoas participantes nas diversas actuacións. - Reunións periódicas co profesorado do centro para o seguimento e avaliación das actuacións desenvoltas.
TEMPORALIZACIÓN	- Ao longo do curso.

PERSOAS RESPONSABLES	- Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
INDICADORES DE LOGRO	- Levouse a cabo un seguimento e avaliación das actuacións previstas dentro do <i>Plan de mellora do benestar e convivencia</i> , valorando o seu desenvolvemento e o grado en que contribuíron ao logro dos obxectivos establecidos e formulando propostas de mellora de cara o vindeiro curso.

5.6. **PLAN DE DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES. CONCRECIÓN ANUAL.**

A) INTRODUCCIÓN

A **sociedade actual** atópase en continuo cambio, con unha importante transformación nos diferentes eidos (como no dixital, social, económico, medioambiental...). Estes cambios están a mudar tamén significativamente os hábitos e estilos de vida das persoas. Numerosos estudos verifican que a sociedade actual estase a volver máis sedentaria.

A **Organización Mundial da Saúde** considera necesaria a promoción de hábitos e estilos de vida saudables. Por esa razón, establece unha recomendación de actividade física para a poboación infantil de 60 minutos cada día. Segundo o **Estudio Pasos (2019)**, os niveis de obesidade infantil son verdadeiramente preocupantes en España. Un 14,2% da poboación infantil-xuvenil padece esta problemática medida segundo o índice de Masa Corporal (IMC) e un 24,5 % presenta obesidade abdominal. Un dos aspectos máis preocupantes deste estudo radica no crecemento continuo da obesidade infantil nas dúas últimas décadas.

Neste contexto, a actual **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)** establece, na súa disposición adicional 46, a importancia da Promoción da actividade física e a alimentación saudable. As administracións educativas adoptarán medidas para fomentar e consolidar hábitos de vida saudables, promovendo a práctica diaria de deporte e de exercicio por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, favorecendo unha vida sa e autónoma.

*Na comunidade autónoma de Galicia, a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, establece, no artigo nº 15, que os centros educativos contarán cun **Plan de Actividades Física saudables**. Este plan terá por finalidade a práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.*

Dende o centro queremos que este sexa un documento funcional e práctico, co cal estará aberto a modificacións de mellora sempre que se consideren necesarias e oportunas.

B) ANÁLISE DO CONTEXTO

O profesorado do CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío estamos concienciados da verdadeira importancia que temos como parte fundamental da comunidade educativa na creación e impulsión de hábitos de vida saudables.

Por esta razón, levamos varios anos participando en programas da Xunta dirixidos a loitar contra a inactividade física e o sedentarismo, creando hábitos que perduren fóra do centro escolar e ao longo de toda a vida, dende a infancia ata a vellez. Dende o centro tentamos dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable, rentabilizando os recursos existentes. Fomentamos que o 100% dos alumnos e das alumnas reciban información e asesoramento de como incorporar no seu día a día actividade física, exercicio físico ou deporte como hábito de vida saudable.

Destacamos os seguintes:

- **Plans Proxecta +**: Na modalidade Proxectos de Vida Activa e Deportiva – PVAD.
- **Xogade**: Participación na Actividade Deportiva Escolar (campo a través e bádminton) e na modalidade Xogando coa auga e co vento.

Dentro dos **Plans Proxecta +** solicitamos a modalidade DAFIS, unha ferramenta de valoración da condición física (CF) relacionada coa saúde, composta dunha batería multicompoñente da condición física con probas que cumpren os criterios de validez, fiabilidade, economía de aplicación e

sustentabilidade.

Con respecto aos **hábitos de alimentación** do noso alumnado, obsérvase unha gran diversidade no que ás merendas de recreo se refire. A pesar de que son moitos os nenos e nenas que traen froita ao colexio, é certo que outra boa parte dos nenos e nenas traen alimentos ultraprocesados: galletas de chocolate, bebibles e lácteos azucarados, bollería industrial, zumes envasados,... considerándose estes últimos alimentos pouco saudables e que deberían ser consumidos de xeito ocasional. Por esta razón, consideremos importante introducir accións e medidas que traten de paliar esta situación.

C) OBXECTIVOS

A continuación preséntanse os **obxectivos que pretendemos acadar** co Plan de actividades físicas e hábitos saudables:

1. Fomentar e incrementar a práctica de actividade física do alumnado dentro da xornada escolar.
2. Desenvolver hábitos de vida saudable no alumnado, en relación á alimentación, actividade física e ao descanso.
3. Manter ou mellorar o estado de saúde do alumnado por medio da adquisición de hábitos de vida activos e saudables.
4. Levar a cabo charlas informativas sobre hábitos de alimentación e saúde.
5. Participar en programas da Xunta que potencien a práctica de actividade física: Plan Proxecta +, Xogade e Xogando coa Auga e co Vento.
6. Potenciar valores como o respecto, o esforzo, a superación, a cooperación, o xogo limpo e a deportividade nas diferentes propostas que se organicen no centro.

En relación con estes obxectivos, estableceremos **indicadores de logro** para cada unha das accións que se desenvolvan na concreción anual do plan.

D) PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN.

Unha parte importante deste Plan é, sen lugar a dúbidas, a avaliación. Trimestralmente, levarase a cabo o proceso de seguimento e modificación do

plan, en función das necesidades detectadas. En base a estas observacións, e ao tratarse dun plan aberto e flexible, procederase a facer os cambios necesarios que permitan mellorar o mesmo.

Algúns dos **instrumentos** que se empregarán para a avaliación do Plan son:

- Folla de rexistro das accións levadas do Plan.
- Rúbrica co grado de participación dos diferentes membros da Comunidade Educativa.

Difusión: Unha parte importante de este plan, é o de tratar que chegue a toda a comunidade educativa. Para iso empregaranse diferentes vías de difusión do plan, destacando:

- Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipricardotobio/>
- Abalar Móbil.
- Instagram do centro: colericardotobio
- Blog Plan Proxecta +: <https://pvadricardotobio.blogspot.com/>

E) CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS RESPONSABLES	INDICADOR DE LOGRO
Desenvolver campionatos e torneos no tempo de lecer	1º- 2º – 3º trimestre	Mestre EF e profesorado colaborador	Organizáronse torneos dirixidos a todo o alumnado de primaria.
Recreos máxicos de primavera	3º trimestre	Mestre EF e profesorado colaborador	Leváronse a cabo os “Recreos máxicos de primavera”
Realización de andainas pola contorna	1º – 2º – 3º trimestre	Profesorado titor e Mestre EF	Realizáronse andainas na contorna.
Merendas pautadas	1º – 2º – 3º trimestre	Profesorado infantil	Desenvolvéronse as merendas pautadas.
Fomento merendas saudables	1º – 2º – 3º trimestre	Profesorado titor	Fomentáronse merendas saudables

			nas aulas.
Charlas hábitos saudables	1º e 2º trimestre	Persoal sanitario e profesorado titor	Desenvolvéronse charlas de hábitos saudables no centro.
Proxecta +	1º – 2º – 3º trimestre	Mestre EF	Leváronse a cabo as accións establecidas no Proxecta +.
Dafis	2º – 3º trimestre	Mestre EF	Pasouse a ferramenta DAFIS ao alumnado.
Xogade: actividade deportiva escolar	1º – 2º – 3º trimestre	Persoas titoras e Mestre EF	O centro participou nas modalidades de campo a través de bádminton.
Xogando coa auga e co vento	3º trimestre	Persoas titoras e Mestre EF	Desenvolveuse a actividade de piragüismo e remo.
Ruta en bici pola contorna	3º trimestre	Mestre EF	Leváronse a cabo saídas en bici pola contorna.

5.7. **PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR**

O noso centro dispón de servizo de transporte escolar autorizado e xestionado pola Consellería de Educación (Contrato ED1513). A compañía que o leva é “MONFORTE S.A.”.

Ofértanse tres itinerarios, vixiados por coidadoras do autobús, axustados ás necesidades coas seguintes paradas: Alameda, Pino, Portiño, Uhia, Maio, Xantoque, Igrexa, Reboredo, Solleiros, Riomaior, Chabola, Correo, Codeso, Caño, Robaleira, Cruce Abelleira, Carleiras, Lestón, San Xiao, Torea, Cornes e Vistabós.

Cada mes de xuño, realízase un estudo das necesidades de novas paradas, para unha posible solicitude ante a Consellería.

5.8. **PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO**

A avaliación do alumnado estará baseada na lexislación vixente. Será continua, con carácter formativo e estará integrada no proceso educativo. Todas as actividades avaliativas destinaranse a detectar os progresos ou dificultades do alumnado durante este proceso.

Realizaranse, ao longo do curso, tres tipos de avaliación:

- Inicial
- Progresiva
- Final

Todas estas actividades de avaliación serán levadas a cabo polo equipo pedagóxico de cada grupo, tanto de Infantil como de Primaria, e serán coordinadas sempre polo profesor/a titor/a.

As familias serán informadas do proceso de avaliación dos seus fillos/as, a través dos boletíns de notas que serán entregados en tres momentos do curso, coincidindo coa revisión trimestral. Neste curso, as notas entregaranse:

- O 21 de decembro de 2023.
- O 22 de marzo de 2024.
- O 27 de xuño de 2024.

Independentemente da entrega dos boletíns, as familias serán informadas puntualmente de calquera incidencia que requira atención especial, no progreso evolutivo do alumnado, así como das posibles medidas correctoras.

Ao final de cada curso, nos cursos de 2º, 4º e 6º de Ed. Primaria, tomaranse as decisións sobre a promoción do alumnado, segundo os criterios establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e sempre de acordo coa lexislación vixente. No caso de que un alumno/a non cumpra cos criterios de promoción, poderá permanecer un curso máis no nivel. Esta medida sempre irá acompañada dun plan específico de reforzo educativo, en base as características individuais e a atención a diversidade.

Dentro da avaliación do propio profesorado, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación dos obxectivos propostos nas programacións didácticas.
- A distribución, adecuación e secuenciación dos contidos.

- A utilización dos recursos existentes, intentando sacarlle o maior partido.
- A realización de agrupamentos axeitados, segundo as necesidades das actividades a levar a cabo.
- A creación de ambiente e clima axeitado de cooperación entre o alumnado e o compañeiros/as.
- A coordinación entre o profesorado, como fonte básica de experiencias e coherencia.

Este documento é un documento vivo que pode sufrir modificacións de considerarse necesario, sendo polo tanto avaliada. Calquera modificación ou aclaración será redactada na correspondente memoria de final de curso, e terase en conta para a elaboración da Programación Xeral do curso seguinte.

5.9. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR

O presente curso elaborárase un novo plan de autoprotección. Namentres, segue vixente o plan do curso anterior. Ver documento no centro.

5.10. PROXECTO ANUAL: 50 ANOS DO RICARDO TOBÍO

Dende a Biblioteca propónse un proxecto de traballo de centro que se extenderá tamén ás familias do alumnado.

Será un traballo de recompilación, de investigación, de celebración, de difusión a través da radio escolar..... para que o alumnado coñeza a historia do noso colexio e das escolas que había antes de existir o CEIP Ricardo Tobío.

No 1º trimestre lanzarase o proxecto e o alumnado levará á casa unhas follas para recoller a información dos familiares ou coñecidos máis maiores. Recolleranse testimonios (entrevistas na radio, encontros no cole...). Buscarase tamén a aportación de materiais escolares, xoguetes, fotos...doutras épocas, e farase unha exposición de todo o material que nos vaian achegando as familias.

No 2º trimestre, ao igual que no trimestre anterior, o alumnado recollerá as anécdotas, fotos, materiais.....da época escolar dos pais-nais. Todo o material será exposto a continuación do anterior.

No 3º trimestre, prevese facer unha xornada de celebración, a modo de encontro entre distintas persoas que pasaron polo colexio: alumnos, profesores, directivos,, membros da ANPA, conserxes, persoal de limpeza...

Outro produto final en colaboración coa comunidade educativa, será a elaboración dun pequeno documental que versará sobre o proxecto.

Ao longo de todo o curso os corredores serán a sala de exposición dos materiais, fotos, libros, boletíns, anécdotas recollidas,...

5.11. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA FAMILIAS DO ALUMNADO

A comunicación entre o centro e as familias do alumnado establécese dun xeito periódico a través dos horarios de atención das titorías e das horas de atención á comunidade educativa do equipo directivo.

A principio de curso enviarase un tríptico informativo sobre diferentes aspectos de interese para as familias en canto a información xeral do centro.

Todos os titores e titoras farán unha reunión conxunta coas familias do seu nivel antes de rematar o mes de setembro.

A comunicación coas familias para trasladar información a nivel de centro ou a un grupo determinado será, principalmente, a través da mensaxería AbalarMobil polo que os proxenitores/titores legais deben ter instalada a aplicación no móbil. Se algunha familia non tivese acceso a esta ferramenta, debe solicitar recibir dita información en papel.

Tamén, haberá unha xornada de portas abertas e unhas xornadas de acollida que se celebrarán no último trimestre do curso para os nenos e nenas que formarán parte do centro no curso seguinte.

Así mesmo todo o claustro de profesores atópanse á disposición das familias do alumnado, podendo levar a cabo algunha xuntanza ao longo do curso para tratar temas que vaian xurdindo de forma individual ou colectiva de ser preciso.

5.12. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O presente curso académico desenvolveremos no centro un **Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) de 60 horas**.

Contará cos seguintes itinerarios:

Uso didáctico dos recursos dos Polos creativos.

Formación avanzada no EVA E-Dixgal.

cuxos obxectivos principais serán:

- Afondar no modelo educativo asociado ao proxecto E-Dixgal e as ferramentas propias do mesmo.

- Crear recursos e materiais para a plataforma E-Dixgal empregando diversas tecnoloxías.

- Analizar e aproveitar as posibilidades didácticas dos recursos dos Polos creativos.

Finalmente, destacar que o claustro está implicado na súa formación persoal e colectiva facendo a través da participación en cursos, encontros e/ou xornadas, presenciais ou en rede.

5.13. **CONTRATOS PROGRAMA**

O presente curso volveremos solicitar, por terceiro ano consecutivo, a participación na iniciativa **Contratos-Programa Inclúe (CPInclúe)**. Este é un instrumento de apoio ao centro para poder desenvolver un plan de mellora co que acadar o éxito educativo a través de programas que promovan a inclusión, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa. As actuacións nas que solicitaremos a participación serán dúas: CONVIVE-T e EMOCIÓN-T.

CONVIVE-T: Consideramos necesarias actuacións que favorezan a convivencia, un clima escolar positivo e a resolución pacífica de conflitos. Para isto, poñerase en marcha o servizo de Mediación Escolar. A través desta actuación perséguese os seguintes obxectivos:

- Fomentar un clima positivo de aula e centro.
- Ofrecer ao alumnado formación en materia de xestión e resolución pacífica de conflitos.
- Promover a adquisición de habilidades de interacción social.
- Mellorar as competencias sociais e cívicas no alumnado.

Para lograr estos obxectivos levaranse a cabo as seguintes accións:

- Formación dun Equipo coordinador da mediación escolar (composto por profesorado do centro) encargado da posta en marcha do Servizo de Mediación Escolar, manténdoo activo e efectivo a través de sesións periódicas de coordinación, seguimento e avaliación.
- Revisión e actualización de documentos: Protocolo de Mediación Escolar.
- Desenvolvemento de varias sesións de formación en mediación escolar, destinadas ao alumnado de 5º de Educación Primaria que desexe formar parte do Servizo de Mediación e selección das persoas mediadoras entre o alumnado voluntario.
- Posta en marcha do Servizo de Mediación escolar contando co alumnado mediador de 6º de Educación Primaria.
- Campaña de difusión do Servizo de Mediación escolar, para dar a coñecer o mesmo e os servizos que ofrece, ao alumnado, profesorado e familias.
- Avaliación do proceso de formación de mediadores/as e do funcionamento do Servizo de Mediación.

EMOCIÓN-T: Consideramos esencial poñer en marcha accións destinadas á mellora da competencia socioemocional e benestar emocional persoal e social. Para isto, traballarase co alumnado a Educación Emocional. De todo o alumnado A través desta actuación perséguese os seguintes obxectivos:

- Promover o desenvolvemento da Competencia Emocional (persoal e social) do alumnado, capacitándoo para afrontar, de forma satisfactoria, os retos da vida cotiá.
- Mellorar o benestar emocional persoal e social dos distintos membros da comunidade educativa.
- Potenciar o recoñecemento e comprensión das emocións propias e alleas (empatía) e a súa expresión.
- Favorecer a adquisición de estratexias de autocontrol emocional (autoestima, confianza, tolerancia á frustración, adaptación, optimismo e orientación ao logro).

- Potenciar o desenvolvemento de habilidades de relación interpersoal e comunicación positiva.
- Promover a adquisición de estratexias de resolución pacífica de conflitos e desenvolvemento dunha conduta asertiva.
- Implicar ao profesorado na formación en educación emocional.

Para lograr estes obxectivos levaranse a cabo as seguintes accións:

- Desenvolvemento de obradoiros de Educación Emocional dirixidos ao alumnado de 3º de Educación Primaria, ao longo do 2º trimestre, para o traballo da identificación e xestión emocional.
- Desenvolvemento de obradoiros de Educación Emocional dirixidos ao alumnado de 4º de Educación Primaria, ao longo do 2º trimestre, para o fomento da resolución pacífica de conflitos e a comunicación asertiva.
- Desenvolvemento de charlas, destinadas ás familias, sobre a xestión do benestar emocional do alumnado.
- Creación de materiais destinados ao traballo da educación emocional co alumnado.

5.14. **PLAN PROXECTA+: Proxectos de vida activa e deportiva**

TÍTULO: *A HISTORIA DA NOSA ESCOLA*

INTRODUCCIÓN:

Aproveitando os 50 anos de historia do noso cole, este curso académico o Proxecto de Vida Activa e Deportiva queremos que supoña un percorrido pola historia do noso colexio.

Cada día somos máis conscientes da enorme problemática que supón o sedentarismo e a falta de actividade física no noso alumnado. Estes hábitos pouco saudables están detrás de numerosas enfermidades cada vez máis estendidas na nosa sociedade (como son a obesidade, colesterol, entre outras). Moitos estudos confirman que a grande parte da poboación infantil non cumpre coas recomendacións de actividade física para estas idades. Por esa razón, como centro educativo vémonos na obriga de tratar de reverter esta situación,

fomentando un amplo abano de medidas encamiñadas a mellorar a saúde e calidade de vida do noso alumnado.

OBXECTIVOS:

1. Fomentar a práctica de actividade física entre o alumnado do noso centro, tanto dentro do horario lectivo como fóra do mesmo.
2. Informar á comunidade educativa dos enormes beneficios que aporta a práctica regular de actividade física, sobre a saúde e a calidade de vida das persoas.
3. Potenciar a práctica de actividades físicas respectuosas co medio ambiente.
4. Fomentar a práctica de actividade física no tempo de recreo a través de propostas lúdicas e deportivas multidisciplinares: bádminton, baloncesto, golf, hockey, balonmán, voleibol, fútbol sala, brilé, recreos máxicos de primavera...
5. Poñer en marcha diferentes campionatos no tempo de lecer: balonmán, bádminton, golf, hockey, brilé...
6. Levar a cabo a ferramenta DAFIS ao alumnado de 3º a 6º curso de Educación Primaria.
7. Levar a cabo charlas informativas a cargo de persoal sanitario relacionadas con hábitos de alimentación e saúde.
8. Difundir a toda a comunidade educativa as actividades realizadas dentro do proxecto: no blog do PVDA e/ou Páxina web do centro.
9. Coñecer e poñer en valor os xogos que se practicaban no colexio ao longo da historia do mesmo.

ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

Para a organización e desenvolvemento das diferentes medidas encamiñadas ao fomento da práctica de actividade física, trataremos de buscar a implicación de todo o profesorado e da comunidade educativa en xeral.

- Centro de interese: "A historia do noso cole". Ao longo do curso, as titorías do centro traballarán arredor deste proxecto, propoñendo ao alumnado actividades estreitamente relacionadas coa mellora da saúde e coidado do planeta.

- Fomento da actividade física nos recreos: O patio está organizado en diferentes zonas, que contan con caixas de materiais diversos. Cada alumno/a decidirá a que xogar en función dos seus intereses. O profesorado de garda colaborará na dinamización de propostas lúdicas.

- Dinamización dos espazos deportivos do centro e posta en marcha de campionatos no tempo de lecer: balonmán, bádminton, hockey, golf, tiro con arco, datchball, brilé... Estes campionatos dirixiranse ao alumnado de toda a etapa de primaria.

- Recreos máxicos de primavera: dirixidos tanto ao alumnado de Educación Infantil como ao de Educación Primaria, coa inclusión de xogos novidosos e motivantes no tempo de lecer.

- DAFIS: dende a área de Educación Física aplicarase esta plataforma de valoración ao alumnado de 3º a 6º curso da Educación Primaria. Levarase a cabo nas sesións necesarias para o seu correcto desenvolvemento.

- Xogade (Actividade deportiva escolar): participación nalgunhas das modalidades deportivas de Xogade: campo a través, bádminton, piragüismo de Dragóns...

- Coñece o meu club e xogando coa auga e co vento: visita dalgún club deportivo da contorna (remo, piragüismo...).

- Fomentaranse, dende Educación Física, numerosas actividades que o alumnado poida levar a cabo fóra do horario lectivo. Difusión dos beneficios da práctica da actividade física.

- Realización de charlas, a cargo de persoal sanitario, sobre hábitos de alimentación e outros contidos de interese (actividade física, primeiros auxilios...).

AVALIACIÓN

Para avaliar o desenvolvemento do Plan empregaremos diferentes indicadores de logro, que nos permitirán comprobar o grado de consecución dos obxectivos propostos. Os indicadores son os seguintes:

- Grado de implicación do alumnado na práctica de actividade física durante os tempos de lecer.

- Implicación do profesorado na posta en marcha do plan.

- Grado de participación do alumnado nos diferentes campionatos.

- Grao de participación no desenvolvemento da ferramenta DAFIS no centro.
- Posta en marcha de diferentes medidas para o fomento da actividade física.
- Difusión das propostas na páxina web e instagram do centro e/ou no blog de Educación Física.

Empregaremos tamén diferentes instrumentos de avaliación:

- Cuestionario ao alumnado, familias e ao profesorado sobre a posta en marcha do plan.
- Observación e rexistro (rúbrica) do grado de participación e implicación do alumnado.
- Rexistro das actividades levadas a cabo.

MODALIDADES: DAFIS, PVDA, XOGADE

ALUMNADO PARTICIPANTE

Alumnado de Educación Infantil e Primaria.

PROFESORADO PARTICIPANTE

Todo o claustro.

5.15. PLAN DIXITAL DE CENTRO

No presente continuará a desenvolverse tamén o Plan dixital de centro, concebido como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación do noso centro nunha organización educativa dixitalmente competente, con novos obxectivos para ser implementados.

A Coordinadora de dito Plan será Ana Celia López de Prado e López, quen continúa un ano máis a cargo da mesma.

Os compoñentes do equipo pertencente a dito plan son:

- Silvia Vázquez de la Iglesia (Directora)
- María do Carme Hermo Gómez (Xefa de Estudos)
- José Romero González (Secretario)

- Gonzalo Brea Romani (Coordinador do Equipo TIC do centro).
- Manuel Jesús Siaba Lestón (compoñente do Equipo TIC do centro).

No documento deste Plan dixital e tendo en conta a lexislación vixente como é a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro (...).

Recóllese:

-Unha introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.

-A análise do contexto, que recolle a situación de partida no centro respecto do uso das tecnoloxías dixitais.

-Obxectivos e indicadores.

-O Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan.

-Tamén se poden ver as accións accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretenden desenvolver no presente curso académico. Así como a temporalización, as persoas responsables e os indicadores correspondentes.

Este documento, está recollido na plataforma EduCalidade

-Para consultar o documento, premerase no seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/educalidade/PlansCentroConvAction-input.action?OWASP_CSRFTOKEN=HOME-CABI-7Q7I-5ISJ-KHA1-9CDL-9G05-4EHZInstruci%C3%B3ns

6. Programa Plurilingüe

6.1. OBXECTIVOS

O programa desenvolverase ao longo da etapa de Primaria, aplicándose no presente curso 2023-24 xa a totalidade dos niveis de primaria.

A razón dun nivel por curso, foise ampliando a súa aplicación, ata conseguir a súa total implantación en todos os niveis de Primaria:

- 2012/13 – 1º Primaria
- 2013/14 – 2º Primaria
- 2014/15 – 3º Primaria
- 2015/16 – 4º Primaria

- 2016/17 – 5º Primaria
- 2017/18 – 6º Primaria.

OBXECTIVOS XERAIS EN RELACIÓN CO PROXECTO EDUCATIVO.

- Innovación.
- Aumentar o grao de motivación do alumnado pola aprendizaxe das linguas.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave que sinala o currículo.
- Mellora no rendemento e nos resultados do alumnado.

Impartirase inglés na área de Educación Musical, a razón de unha sesión semanal.

A coordinación do proxecto este curso será levada por María do Carme Hermo Gómez, profesora de inglés.

As súas funcións serán:

- Organizar e liderar as actuacións en relación ao proxecto plurilingüe.
- Sistematizar o traballo, aportando propostas claras de planificación trimestral, que resuma o traballo realizado para favorecer unha visión global de avance.
- Formular un calendario de reunións.
- Elaborar instrumentos para a recollida sistemática de información.

O presente curso, foi nomeado unha auxiliar de conversa para o noso centro que estará 16 horas polo que aproveitaremos para reforzar a aprendizaxe tamén na área de lingua estranxeira (inglés).

6.2. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade humana. Só dende unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo.

No que ao Programa Plurilingüe se refire, é preciso avaliar o desenvolvemento realizado a través da súa concreción anual. Para iso, establecemos algúns dos procedementos e instrumentos que poidan ser utilizados para valorar o grao de cumprimento da planificación deste programa, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

Entre estes procedementos ou instrumentos caben destacarse:

- Reunións entre o coordinador do programa co resto do profesorado implicado no proxecto, e máis coa persoa auxiliar de conversa. Ditas reunións constitúen oportunidades para a reflexión, o análise e o debate, permitindo detectar as dificultades que poidan xurdir á hora de implementar a concreción anual, así como o consenso da súa aplicación e desenvolvemento.
- Cuestionarios cumprimentados por titores e titoras, polo profesorado en xeral e polas familias, que aporten información sobre a percepción do programa, sobre a súa idoneidade, así como sobre a eficacia das actividades levadas a cabo para o seu desenvolvemento.
- Análises dos resultados escolares, que nos dean pistas sobre aspectos a reforzar. Ditos resultados poden poñer de manifesto a necesidade de introducir cambios no programa, que contribúan a unha mellora das expectativas escolares e do rendemento académico do alumnado.
- Memoria final, que contemple todas as conclusións sobre a avaliación levada a cabo, ademais de especificar as técnicas e instrumentos utilizados para a recollida de información, así como de canalizar as correspondentes propostas de mellora que se fagan ao respecto.

O centro basearase na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O claustro e consello escolar, acordou a solicitude como días non lectivos para este curso, o 13 de outubro de 2023 e o 20 de maio de 2024.

7.1. CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

AVALIACIÓN	DATA REUNIÓNS	CICLOS
Av. iniciais	25 de setembro	Todos.
1ª Avaliación	4 de decembro	2º e 3º ciclo EP.
1ª Avaliación	11 de decembro	Infantil e 1º ciclo EP.
2ª Avaliación	11 de marzo	Infantil e 1º ciclo EP.
2ª Avaliación	18 de marzo	2º e 3º ciclo EP.
3ª Avaliación	24 de xuño	Infantil e 1º ciclo EP.
3ª Avaliación	25 de xuño	2º e 3º ciclo EP.

8. Libros de texto e material curricular

Pódense ver no seguinte enlace da páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipricardotobio/node/476>

9. Addenda do Proxecto Lingüístico (Art. 14.4 do Decreto 79/2010)

1.- Introducción:

Segundo o establecido no *decreto 79/2010 do 20 de maio*, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo número 14.3 o proxecto lingüístico do centro deberá ser remitido ós servizos de inspección educativa cada catro anos.

Por outra banda e segundo o indicado no artigo 14.4, cada ano os centros educativos deben elaborar unha addenda que se engade ao Proxecto Lingüístico

do centro, no cal se inclúen, entre outros aspectos, o resultado da enquisa ás familias sobre a lingua materna do alumnado de educación infantil e as actividades levadas a cabo e propostas para a dinamización da lingua galega.

Atendendo a estas indicacións e contemplando as indicacións realizadas pola administración ao respecto no presente curso, elaboramos a seguinte addenda correspondente ao curso 2023-2024, cos apartados establecidos no decreto do plurilingüismo.

2.- Lingua materna predominante na Educación Infantil:

Seguidas as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no decreto 79/2010, levouse a cabo unha reunión coas familias do alumnado que se incorporaba por primeira vez ao centro (3 anos), ao final do curso anterior, na que se recolleu información para a determinación da lingua materna do alumnado.

Así mesmo, e seguindo as indicacións da administración ao respecto, para os restantes niveis (2º e 3º nivel do segundo ciclo de Educación Infantil) tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recollida esta información nas entrevistas iniciais coas familias.

Neste senso tamén temos en conta que, tal como se indicada no proxecto lingüístico do centro, a lingua habitual da contorna é o galego.

O resultado das recollida de información determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado de 3 anos para o curso, é o galego.

Por outra banda a lingua materna predominante nos restantes niveis, empregada en cursos anteriores, é tamén o galego.

Ante estes resultados, o galego será empregado como lingua vehicular nas aulas de Infantil do noso centro, sen prexuízo das indicacións feitas tanto no PE, PXA e as distintas Programacións didácticas, para a adquisición de ámbalas linguas cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula.

3.- Información e valoración dos programas para o fomento e dinamización da lingua galega:

Ao longo do curso pasado, así como en cursos anteriores, leváronse a cabo diferentes actividades para o fomento e dinamización da lingua galega, moitas delas dentro das “axudas para os equipos de dinamización da lingua

galega” convocadas anualmente, e que están detalladas polo miúdo tanto no Proxecto como na Memoria elaborada polo Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega.

4.- Modificación na impartición da lingua estranxeira:

Estando o centro inmerso na Rede de Centros Plurilingües, a área de música será impartida na lingua estranxeira (inglés) en 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de primaria.

5.- Inclusión no Proxecto Lingüístico do centro:

Esta addenda está incluída no proxecto lingüístico do centro, sendo informada a Comunidade Educativa do seu contido e remitida aos servizos de inspección.

ANEXO I .PLAN DE BIBLIOTECA

PLAN DE BIBLIOTECA – CURSO 2023-24

1.-INTRODUCCIÓN

A **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola que se modifica a **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, no seu artigo 113 establece que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que contribuirá a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura.

A biblioteca escolar é o eixe vertebrador do plan de lectura, por eso esta debe de ser entendida como centro de recursos para o fomento da lectura, expresión e comprensión escrita e/ou oral e alfabetización informacional. Non só como un lugar onde realizar préstamos de libros, senón un lugar cun enfoque lúdico e dinamizador no fomento do desenvolvemento da competencia lectora. Por iso, o obxectivo principal e fundamental no que se sustenta este **plan de biblioteca** é crear hábitos de lectura rompendo cos estereotipos de que esta é aburrida. Con iso conseguiremos crear na rapazada pracer por ler, por construír o seu propio aprendizaxe.

Debemos seguir traballando para mellorar a asistencia do alumnado á Biblioteca, polo que neste plan, se recollen actividades enfocadas non só ao mantemento técnico da mesma ou á consecución do Proxecto Anual do Centro, senon tamén para unha maior participación do alumnado.

2.-ANÁLISE DO CONTEXTO.

No centro leváronse a cabo, nos últimos anos, distintas actuacións dende a Biblioteca para acadar ese pracer pola lectura, a escritura, a investigación,... xa que todos os anos se traballa algún proxecto de centro, que sae da Biblioteca e se abre a toda a comunidade escolar. No curso pasado o Proxecto de “Triunfa coa Voz” acadou unha gran participación do alumnado e das familias. Traballáronse letras de cancións, a poesía, investigáronse cantantes que non eran coñecidos para o alumnado, por pertencer a xeracións anteriores, o alumnado elaborou anuncios para publicitar o proxecto na radio local, fixéronse entrevistas na radio escolar, festivais das distintas xeracións (avós, bisavós ; país e nenos) en streaming.....

En formación de usuarios o curso pasado tivemos bastante alumnado que axudou a rexistrar os préstamos das revistas no quiosco da biblioteca; organizouse un club de lectura no 2º e 3º trimestre con alumnas de 6º; os titores levaron a cabo a formación de usuarios das súas titorías.

En canto ás labores técnicas o equipo de biblioteca organízase para a catalogación, revisión e ordenación dos fondos.

3.-OBXECTIVOS PARA ESTE CURSO.

Dentro dos obxectivos que pretendemos acadar este curso ten un peso moi importante o Plan de Centro, que parte da Biblioteca, que se titula “**50 anos e máis de Historia**” que trata de recoller información para celebrar os 50 anos do noso centro. Pasamos a explicalo brevemente para relacionar, a continuación, os obxectivos.

O Proxecto conta con 2 partes diferenciadas:

1ª parte: Antes do CEIP P. Ricardo Tobío

Recoller información mediante un cuestionario (elaborado dixitalmente polo alumnado de 6º), enviado ás familias no primeiro trimestre, das escolas que había antes da construción do Ceip P. Ricardo Tobío, e de como era a educación naqueles tempos, a que xogaban no recreo, se a escola era mixta ou non, que nos conten algunha anécdota escolar, que aporten materiais para unha

exposición no centro... Logo todo o aportado sería obxecto de análise nas titorías. O alumnado coñecería como era ir á escola naqueles tempos; faranse entrevistas para a radio e iniciárase a grabación dun vídeo documental con persoas que estudaron naquelas escolas e poden aportar información sobre as súas vivencias escolares.

2ª parte: No 2º e 3º trimestre recabarase información a partir da construción do CEIP P. Ricardo Tobío. E á súa vez esta parte ten 2 apartados:

-Xeración dos avós/as: farase o mesmo traballo de recollida de información que o levado a cabo no primeiro trimestre para a súa posterior análise e exposición.

-Xeración dos pais/nais: Farase no 3º trimestre seguindo a liña de os trimestres anteriores, pero esta vez coa xeración dos pais e nais.

O produto final que se establece para este proxecto sería a edición dun vídeo documental que vaia recollendo os cambios que se observaron na educación antes e dende a construción do colexio.

OBXECTIVOS QUE PRETENDE ESTE PLAN DE BIBLIOTECA.

A- En relación coa organización e xestión da Biblioteca.

-Establecer un calendario de reunións. No calendario do centro hai estipulada unha reunión mensual o 2º luns do mes. Aparte búscamos sempre outros momentos, dentro do posible, para ir preparando as distintas actividades.

-Continuar coordinándose cos outros equipos (TICs, extraescolares...)

-Promover a accesibilidade para todo o alumnado.

-Formar ao alumnado de 5º e 6º para que poidan exercer a labor de axudantes da Biblioteca.

-Solicitar a continuación do programa "Radio na Biblio".

- Solicitar a continuidade do programa "Bibliotecas Creativas"

B- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca.

-Elaborar listas de materiais útiles para o desenvolvemento dos proxectos ou outras actividades promovidas pola biblioteca.

-Fomentar a realización de actividades de creación escrita e o traballo con diferentes tipos de textos (contos, poemas...)

- Facer exposicións de fondos documentais arredor dun determinado centro de interese.: proxecto anual, datas sinaladas....
- Formar ao alumnado de 6º como técnicos de radio e empregar ese recurso para favorecer o desenvolvemento das competencias básicas e da alfabetización múltiple
- Confeccionar guías de recomendación de libros e outros materiais audiovisuais.
- Empregar o blog da Biblioteca para informar das actividades da mesma.
- Solicitar a actividade “Club de lectura”.

C- En relación á formación de usuarios e á adquisición da competencia informacional.

- Formar, se fose preciso, ao novo profesorado no manexo do Koha para facer os préstamos, informalos das normas da biblioteca, da ubicación da colección...
- Elaborar un xogo de pistas para facer a formación de usuarios dun xeito lúdico. Os titores incidirán tamén na formación de usuarios da Biblioteca, normas e uso da biblioteca, na hora semanal en que o alumnado vai á Biblioteca.
- Diferenciar espazos e sección dentro da Biblioteca.
- Desenvolver destrezas básicas de busca como a orde alfabética ou a interpretación de abreviaturas ou lendas.
- Reforzar o traballo das competencias ALFIN.
- Apoiar, no alumnado, a procura de información na rede, o seu análise e procesamento

D- En relación co desenvolvemento do Proxecto Lector do centro.

- Continuar co programa das mochilas viaxeiras.
- Programar actividades para conmemorar datas sinaladas relacionadas coa Biblioteca (Día da Biblioteca, Día do Libro...).
- Usar a radio escolar como medio de recomendación de lecturas; para dar a coñecer aspectos da investigación levada a cabo en relación co proxecto anual do centro.
- Elaborar guías de lectura para Nadal e Vacacións.
- Valorar a posibilidade de crear un club de lectura con alumnado de 5º e 6º.

E- En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva.

- Insistir na necesidade de crear unha rampla de acceso á biblioteca, xa que hai varias escaleiras na entrada.
- Promover actividades que favorezan a inclusión.
- Ter en conta a diversidade do alumnado á hora de seleccionar o material das mochilas viaxeiras.
- Adaptar a cartelería e espazos da biblioteca á diferentes necesidades do alumnado.

F- Outras actuacións.

- Seguir colaborando coa Escola infantil da Galiña Azul, cercana ao centro. Os alumnos/as do último curso, serán xunto coas súas educadoras, quenes visitarán as nosas instalacións de xeito periódico como medida de apertura á comunidade.
- Informar ás familias mediante a comisión do Consello Escolar, a través do blog...
- Procurar a implicación e colaboración das familias e entidades locais en proxectos e actividades promovidas desde o centro.

4.-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DA BIBLIOTECA NESTE CURSO 2023-2024.

A continuación pasamos a expoñer nunha táboa as accións concretas que nos axudarán a acadar os obxectivos que pretendemos neste curso, coa súa temporalización, as persoas encargadas e os indicadores de logro.

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS ENCARGADAS	INDICADORES DE LOGRO
Repartir as distintas tarefas para o funcionamento da Biblioteca	Setembro	O equipo de Biblioteca	-Rexistrouse o reparto de tarefas propias da biblioteca na acta nº2 de Biblioteca
Formar ao profesorado para o manexo da radio escolar	Setembro	Equipo de Biblioteca e o de	-Realizouse unha formación no centro sobre radio escolar e

Programación Xeral Anual 23-24

e o programa "Audacity"		TICs	Audacity.
Formar ao alumnado de 6º para que poda facer programas de radio e ser técnicos da mesma.	1º Trimestre	Equipo de Biblioteca	Realizáronse sesións de formación en radio co alumnado de 6º
Presentar ás familias o Tema do Proxecto anual de Centro	Outubro	Equipo de Biblioteca e equipo directivo	-Fíxose unha reunión inicial coas familias para presentar o Proxecto
Enviar ás familias o cuestionario para as distintas partes do proxecto de centro	Outubro Xaneiro Abril	Equipo de Biblioteca e equipo directivo	-Recolleuse información enviada polas familias para levar a cabo o proxecto de centro.
Realizar lecturas compartidas entre alumnado de diferentes cursos	Día da Biblioteca 24 de outubro	Equipo de Biblioteca e resto do profesorado	Realizáronse lecturas compartidas entre alumnado de distintos cursos.
Formar usuarios que coñezan a ubicación dos fondos da biblioteca e axuden en tarefas de	Todo o curso	Coordinadora de Biblioteca	-Realizáronse xogos para o coñecemento dos fondos da biblioteca (tipo scape-room) -Formouse a

préstamo			alumnado de 5º e 6º para a realización do préstamo nos recreos.
Expoñer nos pasillos do centro o material, fotos e anécdotas aportadas polas familias para a realización do proxecto anual.	1º,2º e 3º trimestre	Equipo de biblioteca	Expúxose no centro o material achegado polas familias.
Traballar nas titorías coas letras das cancións de xogos (de goma, de corda...) que vaian aportando as familias.	1º,2º e 3º trimestre	Titores	Coñecéronse cancións de xogos tradicionais contados polas familias.
Enviar ás casas as mochilas viaxeiras	2º e 3º trimestre	Equipo de Biblioteca e Titores	-Fíxose unha selección de materiais para enviar ás casas nas mochilas viaxeiras.
Promover a actuación no centro dun grupo musical da zona.	Abril - Día do Libro	Equipo de Biblioteca	-Fíxose un concerto dun grupo musical da zona.
Editar boletíns	1º e 3º trimestre	Equipo de	-Elaboráronse

de recomendacións en Nadal e Xuño.		Biblioteca en colaboración co resto do profesorado	guías de recomendacións lectoras.
Asistir a unha representación teatral.	2º trimestre 16 de maio – Letras Galegas	Equipo de Biblioteca en colaboración co resto do profesorado	Asistencia de infantil e primaria ata 6º á representación de “Migallas Teatro” titulada “Brincadeiras da fala”
Participar nun obradoiro de Regueifas.	2º trimestre 16 de maio – Letras Galegas	Equipo de dinamización e titores de 5º e 6º	-Realización de Regueifas por alumnado de 5º e 6º
Editar un vídeo documental sobre o proxecto anual	3º Trimestre	Equipo de Biblioteca e resto da comunidade educativa	Realizouse a gravación dun vídeo documental sobre a historia do noso colexio e as escolas que había antes.
Celebrar unha xornada festiva na que xente de distintas xeracións veña ao colexio a ensinar e disfrutar cos xogos de antes.	3º Trimestre	Equipo de Biblioteca e resto da comunidade educativa.	Celebrouse unha xornada festiva de encontro xeracional na que se xogaron xogos de distintas xeracións.

5.-AVALIACIÓN.

Unha parte importante deste Plan é, sen lugar a dúbidas, a avaliación.

Trimestralmente, levarase a cabo o proceso de seguimento e modificación do plan, en función das necesidades detectadas. En base a estas observacións procederase a facer os cambios necesarios que permitan mellorar o mesmo.

Algúns dos instrumentos que se empregarán para a avaliación do Plan son:

- Folla de rexistro das accións levadas do Plan.
- Grado de participación dos diferentes membros da Comunidade Educativa.

Difusión: Unha parte importante de este plan, é o de tratar que chegue a toda a comunidade educativa. Para iso empregaranse diferentes vías de difusión do plan, destacando:

- Blog da Biblioteca.
- abalarMobil.
- Envío de comunicación escritas ás familias.

ANEXO II. PLAN ANUAL DE LECTURA

1. XUSTIFICACIÓN

Este plan de lectura anual é un documento a curto prazo que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro ao longo do curso 2023-2024. Este Plan Lector pretende contribuir, significativamente á mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado, así como a descubrir e tomar conciencia do valor e do pracer da lectura.

Se temos en conta dito proxecto, hai que salientar que o alumnado dos cursos máis baixos é o que en maior medida parece apreciar a vertente lúdica da lectura a través dos contos que se lles le. Progresivamente, dáse paso á consciencia da vertente formativa da lectura e poida que se vaia perdendo aquela diversión dos primeiros anos de escolarización. Polo tanto, consideramos necesario seguir “enganchando” aos alumnado na lectura como divertimento, fomentándoa con actividades lúdicas ao tempo que se traballen diferentes tipos de textos.

Tamén é necesario que o noso alumnado descubra a importancia da biblioteca, e dos libros que nela hai, como fonte de información, e cada vez sexan máis capaces de tratar de maneira adecuada esta información, polo que o traballo por proxectos debe adquirir un maior peso na metodoloxía de cada aula.

Neste ámbito, as nosas actuacións deben ir, por tanto, encamiñadas á consecución dos obxectivos do Proxecto Lector de Centro, que se recollen no seguinte apartado.

2. OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR

O presente Plan Anual de Lectura, pretende contribuír á consecución dos obxectivos que se establecen no Proxecto Lector, e que son os que seguen:

Potenciar a comprensión lectora como base da aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuindo, en definitiva, ao crecemento persoal do alumnado.

- Fomentar o hábito lector mediante actividades lúdicas (contacontos, dramatizacións, visitas de autores...)
- Promover a accesibilidade para todo o alumnado mediante a adquisición de materiais documentais adaptados (con pictogramas, audiolibro, gran formato...)
- Fomentar a creatividade e a libre expresión do alumnado.
- Promover a alfabetización informacional no alumnado, mediante traballos de busca, investigación e organización da información documental.
- Traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo, atendendo ás características e necesidades propias de cada materia.
- Fomentar o traballo por proxectos nos que se integre o desenvolvemento das diferentes competencias básicas.
- Integrar a biblioteca escolar na práctica docente diaria, facendo dela un centro de actividades.
- Implicar nas propostas lectoras aos distintos sectores da comunidade educativa.

Estes obxectivos iranse concretando cada ano no Plan anual de lectura.

-INDICADORES DE LOGRO

-Realizouse unha compra de materiais documentais adaptados (con pictogramas, audiolibros...).

-Rea lizouse un obradoiro de radio para o alumnado de 6º.

-Implicouse ás familias no proxecto anual do centro cunha reunión explicativa inicial e a posterior recollida de información e materiais para a súa exposición ao longo de todo o curso, sendo o alumnado investigadores no seu entorno sore o proxecto.

-Usouse a biblioteca para facer distintas actividades de formación de usuarios, lecturas compartidas...

-Promoveuse a participación do alumnado na creación de textos propios.

-Realizáronse recomendacións lectoras para os distintos integrantes da comunidade escolar.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

Neste apartado detállanse as liñas prioritarias de actuación que se pretenden levar a cabo, ao longo do curso 2023-2024, na biblioteca do centro, en canto organización e xestión, promoción dos recursos da biblioteca, formación de usuarios, fomento da lectura, avanzar cara a unha biblioteca inclusiva,... Estas supoñen unha continuación de propostas iniciadas en cursos anteriores.

1.- En relación coa organización, a xestión e a configuración dunha biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes” establecemos os seguintes obxectivos:

-Establecer a inicio de curso un calendario de reunións e temporizar os obxectivos e actividades.

-Confeccionar un horario no que se recollan as horas de atención á biblioteca dos membros do equipo e os tempos adxudicados a cada aula durante o horario lectivo

-Continuar coordinándose cos responsables doutros equipos ou plans (TICs, Extraescolares, Dinamización Lingüística,...) para unir esforzos e implicarse en actividades conxuntas.

-Facer unha labor de selección e expurgo para que os fondos da biblioteca

resulten máis atractivos e manexables.

-Continuar incrementando os fondos en formato dixital, adquirir novos títulos relacionados co proxecto anual e seguir ampliando a bibliografía de consulta naquelas seccións que contan con menos exemplares.

-Formar a alumnado de 5º e 6º para que poidan exercer a labor de axudantes de biblioteca, así como a alumnado voluntario de toda primaria para participar nos préstamos do quiosco.

-Promover dinámicas que faciliten o traballo documental, os contactos informais, o traballo en equipo e autonomía e a creatividade do alumnado.

-Solicitar a continuación no programa "Radio na Biblio". Seguir formando ao alumnado neste ámbito, así como ao profesorado (Nos primeiros días de setembro fíxose a formación do profesorado).

-Enriquecer o recuncho creativo da biblioteca con novos materiais manipulativos.

2.- Con respecto á dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado, pretendemos:

-Promover a realización de proxectos de investigación nas aulas nos que resulte imprescindible o uso da biblioteca. Compartir a información adquirida cos compañeiros mediante exposicións orais, paneis,...

-Elaborar listaxes de materiais útiles para o desenvolvemento dos proxectos ou outras actividades promovidas pola biblioteca.

-Promover lecturas de tipo divulgativo nas distintas áreas do currículo: biografías, temas científicos, noticias destacadas,...

-Fomentar a realización de actividades de creación escrita e o traballo con diferentes tipos de texto: contos, poemas, cartas, receitas,...

-Facer exposicións de fondos documentais arredor dun determinado centro de interese: proxecto anual, datas sinaladas,...

-Confeccionar guías para as familias recomendando libros, CDs, DVDs, revistas,...

-Empregar o blog da biblioteca para informar da adquisición de novidades, difundir os fondos cos que conta a biblioteca e dar a coñecer os eventos que se celebran ou actividades que nela se realizan.

-Promover as recomendacións de libros entre o alumnado: a través de vídeos,

carteis, exposicións orais, nunha sección da radio,...

-Organizar actividades lúdicas desde a propia biblioteca que susciten a necesidade de empregar a mesma como fonte de información.

-Formar ao alumnado de quinto e sexto como técnicos de radio e empregar este recurso para favorecer o desenvolvemento das diferentes competencias básicas e da alfabetización múltiple.

3.- En canto á formación de usuarios/as e a adquisición da competencia informacional, será preciso:

-Formar ao inicio de curso ao novo profesorado que se incorpore a o centro, se fose preciso (explicar as normas da biblioteca, o manexo do programa koha: préstamos, búsquedas,...)

-Promover que a formación de usuarios sexa levada a cabo por cada titor na súa aula, de xeito lúdico, proporcionándolle información, materiais, recursos,... de maneira que se axude ao alumnado a:

-Coñecer as normas de funcionamento da BE e os servizos que presta.

-Diferenciar espazos e seccións. Comprender a necesidade dunha organización do material e descubrir a utilidade de carteis e rótulos. Coñecer o sistema de clasificación: cores, xéneros, coleccións,...

-Diferenciar as partes dun libro e saber como vén organizada a información.

-Identificar as ferramentas de axuda nos libros documentais (índices, sumarios, glosario,...).

-Desenvolver destrezas básicas de busca: orde alfabética, interpretación de abreviaturas e lendas, toma de notas, ...

-Reforzar o traballo das competencias ALFIN.

-Adquirir habilidades básicas para procurar información na rede, analizala e procesala.

-Reforzar o traballo cos medios de comunicación e a identificación de noticias falsas.

-Coñecer e empregar diferentes programas ou aplicacións que axuden a expoñer ou producir información.

-Implicar ao alumnado voluntario da biblioteca na formación de usuarios (creando titoriais, carteis,...) coas normas que se establezan.

4.- Para o fomento da lectura e o desenvolvemento do Proxecto lector de centro, pretendemos:

- Continuar co programa das mochilas viaxeiras.
- Programar actividades para conmemorar as datas sinaladas relacionadas coa biblioteca (día das bibliotecas, día do libro, mes da ciencia,...)
- Contar coa radio escolar como un medio para recomendar lecturas, parolar sobre libros lidos,...
- Propoñer actividades de creación literaria, obradoiros,...
- Confeccionar guías de lecturas para regalar en Nadal e para ler durante as vacacións.
- Celebrar sesións de contacontos e encontros con autores.
- Retomar a realización de contacontos entre o alumnado
- Valorar a posibilidade de crear clubs de lectura.

5. En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva, trataremos de:

- Insistir na necesidade de crear unha rampla de acceso á biblioteca, que xa foi trasladada á planta baixa, pero conta con varias escaleiras na súa entrada.
- Continuar ampliando os fondos relacionados coa atención á diversidade e promocionando os mesmos.
- Ter en conta a diversidade existente entre o alumnado na programación das actividades relacionadas coa biblioteca.
- Promover actividades que favorezan a inclusión.
- Crear mochilas viaxeiras que contén con recursos que se adapten ás diferentes capacidades do alumnado.
- Adaptar os espazos da biblioteca e a cartelería da mesma ás diferentes necesidades do alumnado

6.-Outras actuacións:

- Seguir colaborando coa Escola infantil da rede Galiña Azul próxima ao centro. Organizar contacontos para o seu alumnado, permitirlles o uso da biblioteca, ofrecerlles o servizo de préstamo de libros,...
- Manter informadas ás familias, ás escolas e asociacións culturais do entorno, á ANPA e ó concello das actividades previstas mediante cartas da mascota, do blog, a través da comisión do Consello Escolar,...
- Procurar a implicación e a colaboración de entidades locais e das familias do alumnado en proxectos e actividades promovidas desde o centro.

-Difundir recursos e contidos a través dos blogs e webs (lectura, ALFIN, AMI, radio, creación...), respectando os dereitos de autoría e a protección de datos.

4.ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Ademais da biblioteca do centro, cobrarán especial importancia as bibliotecas de aula, que se dotarán debidamente.

Calquera tempo é apropiado para a lectura, non obstante, cada aula disporá dunha hora semanal fixa para asistir á biblioteca, aínda que poderá asistir en calquera outro momento que o precise, sempre que esta estea dispoñible. Ademais, cada clase, contará con 20 minutos específicos de lectura diaria.

5.RECURSOS HUMANOS

Para este curso escolar o equipo de biblioteca estará formado polo profesorado seguinte:

- Raquel Viña Molinos
- Encarnación Mayo París
- Eva Manuela Santiago Hermida
- Micaela Beiro Oreiro
- Consuelo María Priegue García (coordinadora).

A coordinadora Consuelo M^a Priegue, contará con dúas horas semanais exclusivas de dedicación á biblioteca, e o resto dos membros do equipo dedicará, como mínimo, unha hora semanal á mesma, sempre que sexa posible.

O equipo de dinamización da lingua galega e o de complementarias tamén se implicará nas actividades de fomento de lectura.

O equipo de Tics implicarase na elaboración de material audiovisual e colaborará coa xestión dos lectores electrónicos. Así mesmo, colaborará dinamizando a biblioteca, no seo do Programa Bibliotecas creativas, para poder albergar propostas diversas que favorezan ao desenvolvemento de contidos curriculares de forma transversal ou interdisciplinaria, que conecten distintas áreas de aprendizaxe e que impulsen prácticas metodolóxicas activas e faciliten así, a adquisición destas competencias clave, incluída a competencia dixital.

Entendendo a biblioteca como un centro no que se favorece a alfabetización múltiple.

A persoa que directamente levará xunto co equipo o peso destas accións relacionadas con “Bibliotecas creativas” será Jesús Manuel Siaba Lestón.

O Departamento de Orientación tamén apoiará para facer a biblioteca máis inclusiva.

Polo tanto, todo o profesorado do centro colaborará dunha maneira ou outra nas tarefas da biblioteca escolar

Así mesmo, contarase cun grupo de alumnos/as, axudantes de biblioteca.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

Neste apartado diferenciamos entre as actividades relacionadas cos centros de interese acordados co claustro, as rutinas de lectura e as actividades puntuais.

-Centros de interese: **Neste curso, no que o noso centro cumpre 50 anos, o centro de interese será “A nosa escola”.**

-Traballo sobre un tipo de texto: En relación co centro de interese abordarase a poesía, mediante refráns, ditos, letras de cancións escolares, que vaian aportando as distintas xeracións.

-Rutinas de lectura:

-Préstamo de libros: Cada alumno/a terá un carné de biblioteca e pode facer uso do servizo de préstamo.

-Hora de ler: Esta práctica que supón vantaxes e aspectos positivos para a consolidación de hábitos de lectura. Cada día, en cada aula, adicaranse 20 minutos específicos á lectura.

-Clubes de lectura: No segundo trimestre proporase a creación de clubs de lectura para o terceiro ciclo.

Durante este curso tamén serán levadas a cabo outro tipo de actividades como: os apadriñamentos lectores, os contacontos entre o alumnado e as mochilas viaxeiras.

-Actividades puntuais:

-Outubro: Mes da Biblioteca. Apertura da biblioteca e lecturas compartidas entre todo o alumnado.

-Novembro: Mes da ciencia en Galego. Charlas relacionadas con hábitos saudables e coidado do medio ambiente.

-Día do libro: Encontro con algún poeta e/ou con algún grupo musical da zona.

O equipo de biblioteca colaborará con todas as conmemoracións que se realicen no centro.

7. ITINERARIOS LECTORES

Para o presente curso elaboraranse os seguintes itinerarios lectores e prepararanse exposicións con fondos sobre:

- Lecturas pola igualdade
- Lecturas sobre a diversidade
- Lecturas científicas relacionadas coa ecoloxía
- Lecturas poéticas
- Lecturas para as Letras Galegas

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións e valoracións.

A avaliación da situación de partida contemplarase na primeira reunión. Nas trimestrais estudarase o grao de cumprimento e o nivel de consecución dos obxectivos propostos, revisarase o plan e modificarase se procede.

Os procedementos, indicadores e instrumentos para a avaliación serán varios:

-A participación do alumnado nas iniciativas propostas e a súa progresión observada mediante as fichas, actividades e traballos realizados.

-A implicación das familias nas actividades e a súas opinións a través do caderno viaxeiro e dos comentarios no blog.

-Enquisas ao profesorado. Tamén se recabará o seu parecer e valoración a través das reunións de ciclo, claustros,...

-Enquisas ao alumnado e recollida de información a través de diálogos cos mesmos sobre as propostas que se realizan desde a biblioteca.

ANEXO III. PLAN ANUAL DE INTEGRACIÓN DAS TIC.

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO:

1. PRESENTACIÓN DO CENTRO.

O C.E.I.P. PLURILINGÜE “Ricardo Tobío”, está situado en Esteiro no concello de Muros; é unha zona rural-costeira con pequenos núcleos de poboación (que nos últimos anos estivo descendendo estabilizándose na actualidade). Dado que os alumnos/as proveñen de zona rural, polo que adquire máis relevancia a importancia das novas tecnoloxías e, en especial Internet, como fonte de coñecemento e información.

Dentro da aula ordinaria, poténcianse actividades de grupo, actividades que facilitan a realización de experiencias e a interacción verbal entre compañeiros/as. Así mesmo, empréganse recursos materiais variados para facilitar a comprensión de conceptos (traballándose moitas veces con apoio informático na sala de ordenadores).

O alumnado é, polo xeral, pouco problemático e responde positivamente ás actividades que se lle propoñen. As familias entenden o Centro como propio, xa que nel estudaron e están a estudar os seus fillos/as, netos/as,...

As relacións dentro da Comunidade Educativa son boas tanto entre o profesorado coma do Centro co seu entorno.

O dinamismo e profesionalidade déixase ver nos proxectos de innovación que están en marcha.

OBXECTIVOS DO PROXECTO:

1. OBXECTIVOS XERAIS:

1. PARA O CENTRO.

- Implicar a todo o profesorado na utilización das TIC.
- Dispor de equipamento informático acorde coa incorporación das TIC ao ensino, que permita educar sobre TIC e con TIC.
- Asesoramento na páxina web do centro.

2.2.2 PARA O ALUMNADO:

- Potenciar a autonomía na aprendizaxe.

- Incrementar a competencia dixital do noso alumnado.
- Mellorar a atención á diversidade.
- Lograr unha maior motivación para a súa aprendizaxe.
- Potenciar o traballo en grupo con actitudes colaborativas e solidarias.
- Desenvolver o uso crítico das TIC como medio de acceder á información, coñecementos e servizos, avaliando as vantaxes, inconvenientes e limitacións.

2.2.3. PARA O PROFESORADO:

- Compatibilizar os modelos “aula de informática” e “informática na aula”.
- Potenciar o traballo cooperativo entre os membros dos grupos de traballo, ciclos...
- Participar activamente na actualización da páxina web do Centro.
- Creación de material didáctico en formato dixital.
- Utilizar a rede como medio de formación permanente (realización de actividades de teleformación, búsqueda de recursos para a aula, intercambio de experiencias con outros centros...
- Axuda no emprego das aplicacións obrigadas como ferramenta de xestión académica (XADE, PROENS, etc.)

2.2.4. PARA AS FAMILIAS:

- Difusión do uso das TIC entre as familias do alumnado.
- Posibilitar a xestión administrativa para as familias dende a casa.
- Intercambiar información co Centro.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O EQUIPO TIC NO CURSO 23/24.

- Reestruturación da Aula de Informática para convertela en Aula Dixital.
- Posibilidade de adquisición de novos equipos e outros materiais informáticos.

- Centralizar os recursos do profesorado nun entorno seguro desde o cal se poida ter acceso dende calquera PC.
- Mantemento dos PCs
- Creación de artigos informáticos para a o blog de TIC's.

3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:

1. METODOLOXÍA:

Tendo en conta que a formación inicial e coñecementos informáticos do profesorado participante son dispares, a metodoloxía elixida consistirá na simultaneidade da formación do profesorado (que será práctica, principalmente) co desenvolvemento de actividades que uso das TIC nas aulas.

Consideramos preciso partir dun nivel básico de coñecementos, mantendo reunións de xeito periódico para detectar posibles necesidades de formación.

Progresivamente, iremos propoñendo o uso de sistemas operativos libres, xa que a expansión das TIC podería ser máis efectiva cando non vai vencellada a intereses comerciais.

Para adaptar as TIC as necesidades pedagóxicas non descartamos a posibilidade de “titorizar” inicialmente a algún membro do profesorado ou solicitar cursos específicos para o profesorado.

Polo tanto a metodoloxía terá un dobre aspecto: teórico e práctico; xa que combinaremos a docencia e información coa posta en práctica en relación aos contidos traballados e os obxectivos a acadar.

Nesta **proposta metodolóxica**, combinaremos:

- Procesos de traballo individual.
- Procesos de docencia.
- Traballo en grupo.
- Difusión do traballado.

3.2. ACTIVIDADES:

- Formación do profesorado.
- Ordenar os espazos e medios para a utilización das TIC.
- Avaliación inicial de necesidades.
- Xestión titorial, administrativa e académica a través do XADE.

- Elaboración de documentos común para a aplicación e seguimento do proxecto: actas, fichas-rexistro, partes de incidentes, enquisas valorativas, fichas-guía de programas e actividades...
- Planificación, deseño e execución de experiencias TIC.
- Actualización do plan de uso da aula dixital.
- Elaboración e edición de materiais informativos para a comunidade escolar

3.3. CONTIDOS A DESENVOLVER:

Estes contidos a desenvolver, deberán incorporar todas as facilidades das actuais plataformas tecnolóxicas, fuxindo da mera transposición de materiais escritos.

Tratarase do desenvolvemento de novas metodoloxías pedagóxicas baseadas na incorporación de interactividade, elementos de autoavaliación, contidos multimedia, simulacións, traballo en rede...

É difícil, para unha parte do profesorado, facer unha concreción dos contidos, xa que pola súa necesidade de formación non é posible precisar as aplicación que as TIC poden ter na aula ordinaria e a súa adaptación aos distintos niveis educativos. A pesares disto, elaboramos os contidos que a continuación se nomean:

- Xestión de sitios web.
- Internet.
- Deseño de páxinas web.
- Emprego de elementos gráficos na web.
- Creación e deseño de documentos en formato PDF.
- Transversalidade.
- Ferramentas educativas.
- Aplicación de apoio á diversidade.
- Aplicacións educativas.
- Listas e caixa de correo en internet.
- Blog.
- Encerado dixital.

- Aula Virtual.
- Docencia on line co Cisco Webex.

3.4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:

O grupo das TIC, manterá reunións mensuais para o seguimento deste proxecto e detectar posibles necesidades de formación. O coordinador anotará os temas tratados, da dotación que se vai instalando e das tarefas pendentes. A avaliación destas reunión realizarase trimestralmente e ao remate do curso.

O seguimento das actividades que realice o profesorado empregando as TIC cun grupo de alumnos e alumnas –ou de xeito individualizado nos casos de reforzos educativos- farase nun rexistro que inclúa:

- Data na que se realiza.
- Actividade.
- Duración.
- Curso e alumno/a co que traballa.
- Datos do profesor/a que a realiza.
- Recursos e equipamento empregado.
- Tipo de organización que se utiliza.
- Breve descrición da actividade.
- Referencia á unidade didáctica na que se encadra.
- Valoración da mesma.

Para os obxectivos máis salientables que nos fixamos neste proxecto, determinamos os seguintes criterios de calidade:

OBXECTIVOS	INDICADORES DE CALIDADE
<ul style="list-style-type: none"> • Implicación do profesorado no proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> • 50% do profesorado que participa no proxecto durante o curso.
<ul style="list-style-type: none"> • Formación do 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Asistencia ao 85% das sesión de traballo. <input type="checkbox"/> Valoración positiva do profesorado que

profesorado no emprego das TIC.	participa no proxecto. <input type="checkbox"/> Realización de sesión de docencia interna.
<ul style="list-style-type: none"> • Uso das TIC nas aulas por parte do profesorado implicado. 	<input type="checkbox"/> Un 85% do profesorado implicado realiza un mínimo de 5 actividades antes do remate de curso.
<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar a competencia dixital do noso alumnado. 	<input type="checkbox"/> 100% do alumnado utiliza software educativo axeitado ao seu nivel. <input type="checkbox"/> 100% do alumnado de 3º ciclo navega por internet para obter información de diferentes páxinas web.
<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar a utilización das TIC na atención de alumnos con N.E.A.E. 	<input type="checkbox"/> O profesorado de apoio dispón de equipos para reforzos educativos o 80% do horario. <input type="checkbox"/> Realización de actividades TIC nos reforzos educativos.
<ul style="list-style-type: none"> • Mantemento da páxina web. 	<input type="checkbox"/> Existencia ou non da web propia.
<ul style="list-style-type: none"> • Mellora e mantemento da equipación TIC. 	<input type="checkbox"/> Actualización de equipamentos por hardware e software e das instalacións adecuadas
<ul style="list-style-type: none"> • Rentabilización da aula dixital 	<input type="checkbox"/> Os recursos están organizados. <input type="checkbox"/> Hai un banco de datos cos programas educativos cos que contamos. <input type="checkbox"/> Está sistematizado o seu uso por todo o alumnado do centro.
<ul style="list-style-type: none"> • Empregar as plataformas obrigatorias da XUNTA como ferramenta. 	<input type="checkbox"/> O 100% do profesorado implicado emprega o XADE e o PROENS para as xestións académicas e administrativas.
<ul style="list-style-type: none"> • Difusión do proxecto na 	<ul style="list-style-type: none"> • Tres taboleiros informativos entre o persoal docente.

4. A DIVERSIDADE E OS VALORES COAS TIC:

1. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE E A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A.E.

A atención a diversidade é unha das principais aspiracións da Educación Básica Obrigatoria, é un dos principios xerais que establece a LOMLOE. Preténdese que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferenzas individuais do alumnado, polo tanto, as medidas de atención á diversidade son basicamente medidas de individualización e personalización do ensino.

O aumento de motivación e adaptación da aprendizaxe ao ritmo de coñecementos do alumno/a son dúas ventaxas básicas que aporta o uso do ordenador no proceso de ensino-aprendizaxe, e polo tanto, as TIC son ferramentas idóneas para a atención á diversidade.

A presenza no noso centro de alumnos e alumnas con N.E.A.E. fai necesario que este proxecto os teña en consideración.

4.2 IGUALDADE DE XÉNERO:

Na escola e onde dispoñemos dun tempo e dun espazo onde asegurar que nenos e nenas teñan as mesmas oportunidades de acceso á alfabetización dixital, sen discriminacións e en igualdade de condicións.

En consecuencia, o desenvolvemento deste proxecto, contribuirá a dar un pulo á procura da igualdade de xénero no uso das novas tecnoloxías.

4.3 O FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS:

A integración das TIC ofrece novas e poderosas ferramentas para axudar na formación de cidadáns competentes e fomentar os valores democráticos. Este uso das TIC contribuirá ao desenvolvemento de habilidades na procura de información, comunicación e participación-responsables; tamén permite afondar nos temas transversais (paz, saúde...).

Fomentaremos o traballo en equipo, a comunicación con centros e alumnos e alumnas doutros países para unha mellor comprensión de valores interculturais.

4.4 POTENCIACIÓN DO USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS PARA A LECTURA, INFORMACIÓN E APENDIZAXE:

Durante este curso, o noso centro levará a cabo as seguintes actividades:

- Continuar co plan de mellora da biblioteca escolar, co fin de ter informatizadas a totalidade dos seus fondos (proxecto KOHA).
- Mantemento dos PC da biblioteca.
- Integración ca web do Centro.
- Adecuar as instalacións existentes ás novas demandas (pintar, instalación eléctricas...).

5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES:

Ademais das redes de comunicación dispostas pola Consellería de Educación que neste momento cobren a totalidade das dependencias do centro (aínda que nos faltan puntos de acceso inalámbrico), o C.E.I.P. PLURILINGÜE “Ricardo Tobío” dispón de varios recursos inventariados. Todo ese material é susceptible de ser aproveitado no proxecto, coas melloras que permita a dotación económica que se conceda.

Habería que descontar os ordenadores instalados para a xestión administrativa do centro:

- 1 para dirección.
- 1 para secretaría.
- 1 para xefatura de estudos.
- 1 para orientación.

Ademais contamos con outros medios como paneis interactivos, PDI's, equipo de música e de son, cámara de vídeo dixital, cámara fotográfica dixital, DVD e vídeo e Home Cinema.

O Centro planificará a utilización destes medios respectando os horarios das materias que se imparten nalgún destes espazos (audiovisuais, música, plástica...) e establecendo quendas/horarios de uso que cubran o total do horario escolar, se fora preciso, para o aproveitamento dos recursos nas actividades relacionadas coas TIC que se planifiquen.

6. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS:

Nos proxectos TIC empregaríase, tanto os recursos existentes como os que resulten da concesión do mesmo; a organización sería a seguinte:

- Axeitar a dotación da aula dixital á rateo do centro para contar cun ordenador para cada alumno e alumna.
- Mantemento dos 3 terminais para profesorado para que poida elaborar actividades, recabar información, elaborar documentación... conectados á multicopista.
- Mantemento e incremento no posible de puntos de acceso á información na Biblioteca para que poidan ser usados polo alumnado fóra da aula para a elaboración de traballos.
- Creación dun espazo dentro da aula de audiovisuais no que poder facer proxeccións cun portátil con canón de vídeo (usarase para actividades de exposición con recursos web, aproveitando as posibilidades que cada un presente).
- Mantemento da area de proxección na aula biblioteca-ludoteca
- Colocación de pizarras a modo de pantallas en distintas estancias do centro

A nosa intención é que convivan os espazos e os tempos tradicionais cos que requiran o uso das TIC dentro das propias aulas a modo, cando menos, de recuncho de recursos.

7. PLAN DE AVALIACIÓN:

7.1 AVALIACIÓN INICIAL:

Consistirá na valoración que fagan os membros do Consello Escolar e, fundamentalmente, da implicación do profesorado na súa posta en marcha.

7.2. AVALIACIÓN DO PROCESO:

Trimestralmente, o equipo das TIC revisará o grao de consecución dos obxectivos marcados co fin de detectar posibles disfuncións e corrixir os desaxustes detectados.

7.3 AVALIACIÓN FINAL:

Coa elaboración da Memoria final, revisarase a marcha global do proxecto que se someterá aos órganos de goberno do Centro.

7.4. ASPECTOS A AVALIAR:

- **FORMACIÓN:**
 - Pertinencia dos obxectivos plantexados.
 - Participación e contribución dos compoñentes do grupo.
 - Proceso de formación de cada membro do grupo.
 - Grao de autonomía adquirido.

- **CREACIÓN:**
 - Actividades específicas realizadas.
 - Materiais producidos.
 - Posibilidades de aplicación dos produtos finais nun contexto pedagóxico.

- **ENSINO-APRENDIZAXE:**
 - Calidade formativa e artística das producións dos alumnos.
 - Valorar o incremento da competencia dixital do noso alumnado: é quen de utilizar o software educativo ao seu nivel, navegar por páxinas web para obter información, usar medios de comunicación...
 - Contidos que se introduciron ou se reforzaron coas TIC.

- **REPERCUSIÓN NO CENTRO:**

- Relevancia para o Centro do traballo e as aprendizaxes que se realizaron.

7.5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Ademais da pertinente memoria e reunións específicas de valoración, empregárase a técnica do cuestionario (tanto para a recollida de datos como para a valoración cualitativa).

8. FORMACIÓN DO PROFESORADO:

Ao longo do o profesorado realizará cursos relacionados coa docencia on- line e emprego da Aula Virtual e E-dixgal.

9. DIFUSION DO PROXECTO:

Para que calquera proxecto innovador que se realice no Centro teña éxito, é preciso que sexa coñecido pola comunidade educativa, xa que a súa difusión fomentará o interese e a participación nel, e canto máis coñecido sexa, o número de apartacións será maior.

- INFORMACIÓN AO PERSONAL DO CENTRO:
 - Sesións do Claustro, Consello Escolar e Reunións informativas.
 - Exposición do traballo realizado durante o curso.
- INFORMACIÓN AO ALUMNADO:
 - Presentación do proxecto nas aulas por parte dos titores.
- INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS:
 - Presentación do proxecto no Consello Escolar.
- INFORMACIÓN A TODO O ENTORNO:
 - Creación e mantemento dunha web dinámica na que se poidan verter os materiais elaborados e facilitar a participación de toda a comunidade educativa.

ANEXO IV .CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

Composición

- Silvia Vázquez de la Iglesia
- María do Carme Hermo Gómez
- Carolina Mourelos Vidal
- Emma Rosalía Lestón Caamaño
- Cristina Rama Molinos
- José Ramón Romero Echeverri

Dentro do plan de convivencia, temos implementado no centro un proxecto de **Mediación**, impulsado no seu inicio pola ANPA, o presente curso continuaremos coa formación de mediadores en 5º curso de educación primaria.

Ao remate de cada ano académico farase unha valoración global das accións realizadas e reflectirase nunha memoria final, na que se indicará: o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

A avaliación realizarase en base a indicadores tanto cuantitativos como cualitativos, de tal xeito que, xunto cos datos obxectivos, queden recollidos os aspectos referidos á calidade e efectividade das intervencións.

ANEXO V. PLAN DE IGUALDADE CEIP PLURILINGÜE RICARDO TOBÍO

1. Introdución.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten publicado o **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia.**

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así

como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Aínda que no noso centro non se observan condutas discriminatorias relevantes entre o alumnado, si é certo que existen determinados estereotipos sexistas que inflúen no desenvolvemento da súa identidade.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e nas universidades é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

No noso centro, son diferentes as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que están a funcionar nos últimos anos:

- Nomeamento, no seo do Consello Escolar, dunha persoa responsable en materia de igualdade.
 - No presente curso será: María do Carme Hermo Gómez (xefa de estudos).

- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas

contrarias á convivencia por razón de xénero.

- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas
- No calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).

2. Contextualización.

Neste apartado destácanse as repercusións relacionadas coa igualdade de xénero presentes en diferentes documentos do centro (PEC, NOF, etc.):

- O **proxecto Educativo do centro** establece como un dos sinais de identidade básicos a coeducación. A convivencia no centro, sen prexuizos ou actitudes discriminatorias entre os dous sexos, é un dos fins prioritarios. Fomentarase que na práctica docente diaria se inclúan valores e actitudes que rompan cos estereotipos e roles asignados tradicionalmente a cada sexo, tentando acadar a verdadeira coeducación. Procurarase a eliminación da discriminación contra a muller e a superación dos mitos e tabús, tendo un papel importantísimo, neste ámbito, a educación sexual. Paralelamente, reforzarase a introdución dos diversos contidos das distintas áreas con contidos referentes ao ámbito da educación en valores, tan presentes e necesarios para a formación integral dos futuros cidadáns e cidadás responsables.
- No **Plan de Convivencia do Centro** establécese que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao **respeto** e a **responsabilidade** persoal, a **participación** e o **traballo**

cooperativo, o rexeitamento de toda discriminación e a compensación das desigualdades.

- Nas **Normas de Organización e Funcionamento** establécese o respecto mutuo e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa. É deber fundamental de todos os que constitúen o centro, o de crear un clima de convivencia e eficacia educativa, nun proceso aberto no que, cun máximo de liberdade, prime a responsabilidade e o compromiso de respectar e garantir os dereitos dos demais.

3. **Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.**

O centro no que se desenvolve este Plan de Igualdade é o CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío, sito na parroquia de Santa de Mariña de Esteiro, no Concello de Muros.

O CEIP declárase defensor da escola pública, independente de intereses privados, políticos e confesións relixiosas. Defende a liberdade de docencia do profesorado, establecida na Constitución Española, entendendo como tal a exposición sen adoutramento, proselitismo nin sectarismo; o enfoque persoal no labor docente, respectando a normativa establecida vixente e as opinións discrepantes. Defendemos unha xestión participativa de toda a comunidade educativa, baseada no pluralismo e nos valores democráticos. Fomentamos que as relacións entre os membros que participan na vida escolar estea presidida polo diálogo e a tolerancia, respectando aos demais en todo momento e rexeitando calquera comportamento discriminatorio.

- É importante facer referencia, nesta análise de partida, ao número de **condutas contrarias á convivencia** rexistradas nos últimos anos. Pódese confirmar que a conflictividade no colexio non é significativa. Aínda así, son diversas as situacións nas que se producen pequenos desencontros entre o alumnado debido aos estereotipos presentes na sociedade e que inflúen na comunidade educativa.

- Con respecto ao **alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo**, podemos constatar que non sofre discriminación algunha por razón de xénero.

- Un aspecto moi importante a ter en conta é o referido ao **uso de espazos no centro**, principalmente no tempo de lecer (recreo). Nos últimos anos observábase que a grande parte dos espazos do patio eran ocupados para o xogo do fútbol (maioritariamente por nenos). Isto conlevaba, ademais de pequenas trifulcas derivadas do xogo, que o espazo de xogo para o resto do alumnado (principalmente nenas) quedara relegado a pequenos lugares. Ante esta situación o centro adoptou a decisión de limitar os días nos que se permite o fútbol a dous. O resto dos días da semana foméntase a práctica de xogos e actividades nas que participen nenos e nenas indistintamente.

Así mesmo, o curso pasado establecéronse no patio do centro outras opcións de xogo variadas que atenden aos intereses e necesidades de todo o alumnado do centro o que favorece a inclusión e as boas relacións entre os discentes xa que cada un deles atopa o seu lugar.

- As actividades extraescolares do centro están organizadas pola ANPA. Destacan as actividades de: zumba, inglés e ciencia divertida. A actividade que conta con unha maior participación é zumba, con unha porcentaxe de participación do xénero feminina moi elevada.

-

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente.
- Educar ao alumnado en igualdade, afastándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e o home nunha contorna igualitaria.
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Potenciar unha linguaxe inclusiva en todos os ámbitos do centro (nas relacións coas familias, nas aulas co alumnado, entre o profesorado, etc.)
- Fomentar a representación equilibrada de nenas e nenos nas aulas.

- Velar por que o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.
- Fomentar e sensibilizar sobre a importancia da corresponsabilidade.
- Visualizar a influencia dos roles de xénero, nas condicións de vida, nas oportunidades e nas posibilidades de desenvolvemento persoal.
- Substituír estereotipos por imaxes reais nas que os homes e mulleres sexan valorados en igualdade.

4.2. *Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.*

- Fomentar charlas e obradoiros nas aulas que contribúan a prevención e detección de casos de violencia de xénero.
- Actuar nas situacións de acoso e violencia de xénero.
- Celebrar a conmemoración do día Internacional contra a violencia de Xénero.
- Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.

4.3. *Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.*

- Organizar charlas ou obradoiros de formación para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual en toda a comunidade educativa.
- Establecer ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas neste sentido.
- Favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.

4.4. *Prevenición, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.*

- Realizar actividades específicas nas datas de celebración relacionadas co recoñecemento efectivo dos dereitos destas persoas.
- Fomentar charlas e obradoiros nas aulas que contribúan a prevención e detección de casos de LGBTIfobia.
- Tomar as medidas necesarias, segundo a legalidade vixente, en casos de LGBTIfobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.

5.1. Organización do centro:

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade, sendo prioritaria a atención ás familias.
- Promover a formación de toda a comunidade educativa en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con entidades externas ao centro na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario Escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas no tempo de ler, así como a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Continuar coa dinamización de patios.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

5.3. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. Seguimento e avaliación.

Para obter os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Igualdade, realizarase unha avaliación continua que nos permita saber se os obxectivos propostos son axeitados e se as actividades realizadas son as correctas para acadar ditos obxectivos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que forman a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas.

Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se analicen os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia.

Para todo isto utilizaranse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

- ***Indicadores de medida.***

- A participación e implicación do alumnado e profesorado implicados foi boa.
- Se a dinámica dos grupos foi verdadeiramente fluída e cooperativa.
- Se o grao de autonomía dos grupos e do material elaborado foi de calidade e libre de sesgos sexistas.
- Se as polémicas conceptuais e a reflexión colectiva e individual sobre o tema aportaron valores de equidade e xustiza social.
- Se se empregou unha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuizos.
- Se o ambiente favoreceu a expresión sa e libre.

- ***Instrumentos de avaliación.***

- Enquisas.
- Observación directa.
- Informes individuais e colectivos.

ANEXO VII: Tarefas extraescolares

O claustro de profesores, unha vez escoitada a proposta da CCP establece que no centro SI poderán enviar tarefas extraescolares tendo en conta as directrices establecidas na disposición 4ª do **Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**: *que estas encaixen na vida ds familias, facilitando a participación activa destas na aprendizaxe, a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentarse a responsabilidade das alumnas e alumnos na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.*

CEIP PLURILINGÜE RICARDO TOBÍO

Traballando en equipo, pola escola que queremos.

